

MEMORIA

CURSO 2019-2020



CLASES DE 0-1-ANOS

INTRODUCCIÓN:

O grupo de idade de 0 a 1 anos na Escola Infantil Municipal “ O Bosque” estivo dividido ó longo deste curso en dúas clases distribuídas por orde alfabética.

Cada clase ten 8 prazas, pero este curso empezámolo mes de setembro coas 2 clases incompletas, e a medida que foi transcorrendo o 1º trimestre fóronse incorporando algúns nen@s , en outubro chegaron 2 e en novembro outros 2 ,quedando varias prazas aínda sen cubrir ata o 2º trimestre. En febreiro incorporáronse 4 [nen@s](#) mais e en marzo outra nena máis, quedando cubertas así tódalas prazas.

A clase “A”: rematou o curso con 9 nen@s,dos que 2 estiveron a media xornada e 7 a xornada completa.

A clase “B”: rematou o curso con 8 nen@s,dos que 2 estiveron a media xornada e 6 a xornada completa.

Cando empezamos o curso partimos dunha programación anual onde imos deixar clara a nosa proposta de traballo que nos vai guiar ó longo do ano. Despois cada trimestre facemos unha programación trimestral na que se concreta e especifica máis claramente obxectivos e actividades a realizar neses meses.

Aínda que este curso deuse unha circunstancia moi especial ,que fixo que tiveramos que interromper a asistencia á escola o 13 de marzo .O día 14 decretouse o estado de alarma para todo o país, debido á emerxencia sanitaria provocada polo COVID 19. Dende ese día tivemos que permanecer confinados nas nosas casas, circunstancia que provocou o peche da escola. Así que solo puidemos levar a cabo as actividades que tiñamos programadas para os dous primeiros trimestres. Pero tras o shock inicial que nos provocou esta circunstancia tan inesperada e insólita , no mes de abril acordamos entre todas que deberíamos seguir en contacto cos nosos nenos/as e coas familias para poder levar mellor e superar esta situación excepcional que nos estaba tocando vivir. Polo que decidimos que a través da tokApp iríamos enviando cada semana actividades para intentar non perder o contacto cos nenos /as e así lograr telos un pouco entretidos e axudarles ás familias a sobrelevar mellor esta situación de confinamento.

Xa a finais de curso e con esta memoria pretendemos recoller aquel traballo mais significativo realizado ó longo de todo este ano. Aínda que todo o que nesta memoria se recolle sexan actividades importantes, tamén hai moitas outras que ó mellor non se mencionan , pero que son igual de enriquecedoras para os pequenos é son todas as rutinas diarias que levamos a cabo día tras día e que nos axudan a que a dinámica da clase sexa posible . Cando comenzamos en setembro atopámonos con nen@s que eran aínda moi pequeniños e que tiñan as súas capacidades moi limitadas, pero a medida que ía pasando o tempo fomos comprobando do que eran capaces de facer e do rápido que evolucionaban en tódolos aspectos (cognitivo , motor, afectivo, social...)

A continuación recollemos o noso traballo na clase do 1º e do 2º trimestre , de maneira resumida reflexando as actividades máis significativas e tamén todo o traballo “ on line “ que levamos a cabo no 3º trimestre :

PRIMEIRO TRIMESTRE

SETEMBRO : PERÍODO DE ADAPTACIÓN.

Empezámolo primeiro trimestre con 13 nen@s con idades comprendidas entre os 3 e 8 meses. Neste primeiro mes a súa incorporación á escola fíxose de maneira progresiva e os primeiros días permaneceron moi pouco tempo co fin de irse familiarizando coa nova situación e a medida que ían transcorrendo os días fomos aumentando o tempo de permanencia na escola en función de cómo ía sendo a adaptación de cada nen@ .

Utilizamos este período para observar o momento evolutivo no que se atopaba cada nen@ e así poder iniciar o noso traballo de estimulación das distintas capacidades .

Ó longo deste período o noso principal obxectivo foi satisfacer as necesidades básicas:

- Tanto as biolóxicas: hixiene, alimentación e descanso.
- Como outras igualmente importantes: seguridade, afecto, comunicación, movemento, xogo...

Pero tamén realizamos outro tipo de actividades fóra do estritamente asistencial como:

- Puxemos música relaxante nestes primeiros días que lle axudaba a tranquilizarse e a calmarse.
- Proporcionámoslle masaxes mentres lle falamos de forma cariñosa e suave.
- Démoslle o biberón ou a papa ás horas indicadas, aproveitando para dedicarnos en exclusiva a cada un, falándolle cariñosamente, acariciándoo... facendo que este momento non sexa unha actividade que realizamos para cubrir unhas necesidades básicas senón que lle resulte un momento agradable.
- Cambiámoslle os cueiros sempre que fose necesario e aproveitamos este momento para estimular as capacidades motrices, cognitivas, afectivas e sensoriais.
- Intentamos que durmisen ou descansasen cando quixeran, intentando respectar os ritmos individuais de cada nen@.
- Puxémoslle ó seu alcance xoguetes que emitan sons e indicámoslle como soan ó movelos.
- Collémolos nos brazos para xogar e balanceámoslos suavemente..
- Observamos e manipulamos ,dentro das súas posibilidades, móbiles, xoguetes que emitan sons, peluches...favorecendo así o reflexo de prensión.
- Puxemos ó seu alcance obxectos estimulantes de moitas cores, tamaños e texturas para que poidan tocalos, chupalos e experimentar con eles.
- Chamámoslle polo seu nome para que se vaian familiarizando tanto co seu como cos dos demais nen@s da clase.
- Utilizamos as mantas de actividades para que se entreteñan xogando e intenten dar a volta.
- Deitámoslos nas hamacas e balanceámoslos

Intentamos ó longo deste mes, en definitiva ir coñecéndonos un pouco uns ós outros e familiarizarnos co entorno e coas profes, para que transcorrido este período todos os nen@s asistan á escola contentos e poidamos así ir introducindo outro tipo de actividades que xa requiran un pouco mais atención.

OUTUBRO:

Xa pasado o mes de adaptación e estando tod@s máis ou menos familiarizados co novo

ambiente e facendo xa tod@s os horarios completos solicitados por cada familia tratamos de ir establecendo as rutinas da escola e desenrolamos as seguintes actividades:

- Caixa “ As miñas primeiras experiencias “:

Foi unha actividade que desenvolvemos ó longo de todo o curso e que consistiu en ir personalizando coa axuda do nen@ unha caixa que decoramos co seu nome e que a medida que foron transcurrido os meses fomos recheando con fotos, obxectos, frases representativas onde recollemos logros ou anécdotas, agasallos que lles fixeron especial ilusión...En definitiva foi unha caixa na que a finais de curso cada unha foi distinta pois foise completando de forma personalizada con distintas cousas representativas de cada un. Tamén deixamos un espazo aberto para que os pais colaborasen e poideran aportar unha cousa cada trimestre. A finais de curso cada nen@ levou a súa caixa para a a casa para que a súa familia poida disfrutar dela e dos recordos deste primeiro ano na escola.

- Cesto dos tesouros:

En cada clase temos unha cesta onde gardamos obxectos da vida cotiá con diferentes cores, texturas e tamaños para que os agarren, manipulen, chupen, golpeen...Son obxectos que non entrañan ningún tipo de risco para os nen@s como pinzas da roupa, coadores, pinceis, botes, cepillos, esponxas...e que imos cambiando a medida que se deterioran ou en función do que estamos a traballar. Son obxectos atractivos para eles e cos que pasan o tempo investigando . Aínda que estes primeiros meses non o usamos moito , porque aínda son moi pequerrechiños e non son capaces de manipular ben os distintos obxectos que hai no cesto.

- Masaxes:

Esta actividade realizámola a primeiros de trimestre xa que son máis bebés e custalle menos estar quietos mentres a realizamos. E unha experiencia moi interesante xa que nos permite establecer unha relación de afecto e un contacto directo con nen@.O momento da masaxe convertese nunha experiencia entrañable e satisfactoria pois axúdalle a relaxarse e a tranquilizarse . Solíamos ter en conta á hora de realizar esta actividade que tiveramos unha temperatura agradable na clase e dedicábamolle o tempo necesario, pero sen que fose moito , pois ó estar espidos podían coller frío.

- Samaín:

Na clase dos máis pequenos tamén celebramos o Samaín e trouxemos á clase distintos tipos da cabazas: grandes, pequenas, alargadas, redondas... e puidéronas observar, tocar, manipular...e o día que celebrámolo Samaín na escola decoramos a clase para a ocasión con cabazas, morcegos , bruxas, esqueletos...e trouxemos á clase todas as cabazas que cada nen@ trouxo da súa casa , a cada cal máis orixinal, para celebrar este día e sacamos fotos con todas as cabazas.

Tamén fixemos un decorado para celebrar este día .Preparamos un fondo coas letras do Samain e uns morcegos e uns fantasmíñas que fixemos pintando de branco unhas follas de figueira e tamén puxemos moitas das cabazas que trouxemos á clase e algunhas delas decorámolos con caras de medo. As profes puxemos uns gorros de bruxas e celebramos con eles esta data na que sacamos fotos todos xuntos manipulando as cabazas.

- Outono :

Nas nosas clases temos uns grandes ventanales que dan ó patio exterior e que nos permiten

ver todas as árbores que temos nel, nesta estación as follas caen, o vento lévaas e move as ramas, chove, o ceo está gris...e unha das actividades que fixemos neste mes foi poñer os [nen@s](#) en hamacas ou tronas mirando cara fóra para que observaran a paisaxe e a moitos deles relaxábaos moito observar como choiva, como se movían as árbores... incluso cando estaban enfadados e choraban acercábalos á venta e tranquilizábanse mirando cara fóra,era unha forma fácil para conseguir que se calmaran.

Para traballar un pouco esta estación do ano con estes nenos tan pequeniños trouxemos á clase espigas de millo, piñas, laranxas, cabazas, follas e deixámosllas para que as visen e manipulasen, aínda que con moita supervisión pola nosa parte , pois o primeiro que fan foi levar todo á boca. Tamén aproveitamos todos estes produtos do outono e fixemos un decorado desta estación, no que decoramos un bumbo a modo de cabaza e fixemos un gorriño coa folla da cabaza para poñerlle a cada nen@ . Así puxemos no chan diante do decorado coas letras do Outono moitas cabazas, piñas, laranxas, espigas de millo...e no medio o bumbo no que sentamos a cada neno co gorriño de folla de cabaza e fillémoslle un foto moi divertida a cada un. Logo as profes fixemos unha postal en forma de folla e colocamos a foto dentro cun dito do outono “ ”, quedou unha postal moi simpática que cada neno levou para a casa para que os seus papás a gardaran de recordo.

NOVEMBRO:

Neste mes seguimos traballando e facendo máis actividades de estimulación dos sentidos, sobre todo do tacto (actividades de texturas) e do gusto (experimentamos con novos sabores).

Desenvolvemos as seguintes actividades:

- Diseñamos botellas sensoriais :

Conseguimos botellas de auga pequenas, de plástico resistente e xeitosas para que os [nen@s](#) as puidesen agarrar ben coas súas mans pequerrechas e fixemos unha gran variedade de botellas sensoriais . Para facelas mesturamos auga e aceite para bebés con distintos obxectos . Tinguimos a auga con colorante alimentario, engadímoslle purpurina de distintas cores , area de cores, cachiños de pallas de cores, cachiños de madeira, boliñas de cores, estreliñas prateadas..... E precintámolos ben con cinta aislante recubriendo ben a tapa para que eles ó manipularas non puidesen abrílas. Así fixemos unha chea de botellas distintas coas que xogaron moito ó longo do curso e coas que disfrutaron vendo como ó movelas se movían os obxectos que tiñan no seu interior..

- Diseñamos tubos sensoriais:

Conseguimos uns tubos ou rolos de cartón moi duro e cortamos uns cantos pola metade e outros deixámoslos así redondos. Seleccionamos distintos materiais con distintas texturas como : papel de lixa, estropallo, tela brillante, papel de burbullas, tela con pelo... e forramos os rolos con estes materiais. Así conseguimos un material moi manexable para eles para que o manipularan e puidesen entrar en contacto a través do tacto con distintas texturas moi distintas: rugoso, liso, peludo, brando... e puidesen experimentar distintas sensacións.

- Experimentamos con cintas de cores e globos :

Os [nen@s](#) están nunha etapa na que lles chama moito a atención as distintas cores e os obxectos en movemento. Así que diseñamos unha actividade que ó mesmo tempo que serve para decorar á clase tamén lles serve para xogar e entreterse moito. Fixemos con gomaeva cabezas de distintos animais como a vaca, a ovella, o león , a rá ... e colgámoslle cintas de plástico de distintas cores. Atámolas ó teito con gomas e deixámoslas a unha altura na que lles

puidesen chegar cando estivesen sentados nas colchonetas de maneira que cando collesen e tirasen delas e ó soltalas rebotaran e puidesen observar como se movían e as cintas formaban figuras no aire. De algunhas cintas atamos tamén globos para poder achegarlos e que os puidesen manipular e percibir a textura do globo inflado, e o soltalo puidesen apreciar tamén o movemento do globo no aire. Foi unha actividade da que disfrutaron moito e coa que se entretiveron.

- Facemos exercicios na pelota grande:

Facemos exercicios de psicomotricidade nunha pelota grande que nos permite subir ós nen@s enriba dela e movémolos dun lado para outro enriba dela, facémolos botar empuxándoos arriba e abaixo suxeitos polas costas, colocámoslos sentados no chan ó seu lado para que perciban o tamaño da pelota, facémola rodar pola clase...e un exercicio que a algúns lles encanta e a outros lles asusta un pouco.

- Experiencia con froitos do outono:agre-doce.

Trouxemos á clase laranxas e limóns . Reunímonos todos e puxémonos nun círculo e deixamos que manipulasen as laranxas e os limóns e xogasen un pouco con eles, e despois cortámoslos á metade e acercámosllos ós beizos para que puidesen saborear tanto o limón como a laranxa. Aínda que os sabores son moi distintos observamos sorprendidos como algúns lles gustaba o sabor agrio do limón mais que o doce da laranxa, aínda que era moi divertido observar as caras que poñían algúns ó experimentar estes dous sabores tan distintos. Foi unha primeira toma de contacto co sabor agrio e doce.

DECEMBRO:

Coa chegada do mes de decembro cambiamos de estación, polo tanto recollemos a decoración do outono que tiñamos nas nosas clases e cambiámola por unha ambientación do inverno e tamén do Nadal, xa que este mes celebramos esta festa tan desexada polos nen@s.

Ó longo deste mes escoitamos panxoliñas, disfrazámonos de Papá Noel, observamos e manipulamos adornos como bolas, cintas, estrelas...

No cesto dos tesouros tamén introducimos novos obxectos como cintas de distintas cores, bolas de distintos tamaños e cores moi chamativas, papeis brillantes, estrelas con brillos..., coas que xogamos moitos días.

- Agasallo de Nadal:

Xa que estamos no Nadal nós tamén preparamos un pequeno agasallo para as familias dos nosos nenos. Este ano estivemos pensando que o Nadal é época de agasallos e que mellor agasallo para cada familia que o nacemento do seu bebé. Así que decoramos un fondo cunha tela prateada da que colgamos estrelliñas vermellas e douradas e no chan puxemos unha manta de pelo grisácea e puxemos varias bolas de Nadal ciscadas pola manta e ó fondo dun lado un reno moi simpático e ó outro unha estrela de madeira vermella grande, e xa co fondo navideño montado, puxémonos mans á obra. A idea era espir ó nen@ e deixalo solo cunha ranita vermella e poñerlle un gorro de Papá Noel, unha diadema navideña... . Tiñamos bastante medo de como resultaría, porque aínda que a idea era moi bonita non sabiamos como se ían portar os nenos...Pero a verdade é que se portaron todos xenial e saíron unhas fotos chulísimas, saíron todos moi guapos. Unha vez que tivemos as fotos confeccionamos un calendario para o 2020 para cada nen@ coa súa foto. Así cada familia podería ter un bonito recordo navideño do seu bebé e utilizalo durante todo o ano. Ós pais encantoulles a idea. A

verdade é que quedaron uns calendarios chulísimos e os nen@s portáronse de marabilla e posaron para a foto co seu mellor sorriso.

- Festexamos a chegada do Nadal:

Ademais de decorar á clase para celebrar estas datas tamén trouxemos cintas, bolas da árbore de nadal, estrelas, sacos e gorros e traxes de Papá Noel...e xuntámonos todos e puidemos observar e manipular todo este material. Pasárono moi ben porque os cores brillantes destes adornos chamábanlle moito a atención e manipulábanos con moitas ganas porque eran obxectos novos para eles e cun colorido moi chamativo. Aproveitamos que estaban moi simpáticos disfrazados de papá noel e sacamos unhas fotos moi divertidas.

- Participamos no festival de Nadal:

Este ano as profes de 2 a 3 , como cada ano, prepararon a actuación dos nen@s máis grandíños da escola para o festival de Nadal, e pedíronnos que participaran dous dos nosos bebés nesta actuación. A verdade é que aínda son moi pequerrechiños e tiñamos algo de medo por como se iban a portar enriba do escenario, xa que ese día están todas as familias , hai moito barullo , os focos...Pero saíu todo xenial. Eliximos a Isabella e a David porque pensamos que non ían e estrañar...e así foi estiveron moi contentos e risueños ó longo de toda a actuación.

- Postal de Nadal:

Decidimos facer unha postal de Nadal para meter dentro da “caixa das miñas primeiras experiencias”. Para facela as profes decoramos cartolinas brancas pintando con esponxa con pintura dourada e branca e recortamos postais con tapa , na portada recortamos unha forma ovalada na que puxemos “Bo Nadal “ e ó abri-la estaban feitos 2 renos , un papá ou unha mamá reno co seu bebé . Para facer o reno adulto estampamos o pé da profe e para facer o reno bebé estampamos o pé de cada nen@. As profes pintamos sobre a figura do pe todo aquilo que foi necesario para darlle forma de reno. Quedaron moi orixinais. E os [nen@s](#) portáronse moi ben e colaboraron sen problema á hora de deixarse pintalo pé.

SEGUNDO TRIMESTRE:

XANEIRO:

Xa nos adentrámonos no segundo trimestre o que quere dicir que xa levamos catro meses xuntos, tempo no que notamos como os nosos bebés foron medrando e algúns deles xa están enormes e maduraron moito. Os máis grandíños xa dan os seus primeiros pasos case soíños, outros gatean, arrástranse e loitan por moverse e alcanzar os xoguetes que están polo chan. Todos comen moi ben e durman soíños nos seus berces salvo algún que outro que se acostomou á hamaca e os seus bambeos.

Ó longo deste mes fixemos as seguintes actividades:

- Empezamos a celebrar os aniversarios:

A partir de xaneiro algúns dos nen@s das nosas clases xa empezan a cumprir o seu primeiro ano. Nas nosas clases celebramos os aniversarios e facémolo con todos os compañeir@s e as profes. Temos un corrucho adicado para esta actividade , no que colocamos unha decoración con globos axeitada para esta celebración e poñemos unha mesa pequerrechiña co seu mantel e sentamos ó protagonista da festa e colocámoslle unha coroa e tamén temos feita unha

bonita torta de gomaeva, á que lle poñemos unha candeia. Entre todos sopramos e cantamos o Cumpreanos Feliz. O protagonista ò rematar o día leva para casa unha postal de recordo coa foto da celebración.

- Empezamos a sair ó patio grande:

Neste trimestre xa podemos saír das nosas clases e experimentar novas sensacións en outro espazo moito máis grande como é o patio onde xogan os maiores. Cando se van os maiores e as profes abrimos a porta das clases todos saen sen ter que levalos ás costas, cada un como pode: gateando, arrastrándose....Alí investigan un novo espazo e novos xoguetes como os coches grandes ós que se poden subir, as motos, entran na casiña e abren e pechan as fiestras, métense polo túnel,escápanse ó comedor dos maiores e ven que están facendo,miran á entrada a ver se os papás os veñen buscar...É toda unha aventura para eles saír da clase na que levamos tantos meses e poder estar e experimentar con outro espazo moito mais grande do que estiveron ata o de agora.

- Xogamos coas botellas sensoriais, rolos de texturas, ovos recheos de distintos materiais :

Xa no trimestre pasado enchemos botellas con auga de cores mesturada con distintos obxectos, pero é neste trimestre cando máis xogan con elas, pois xa son máis grandiños e pódenas coller mellor e axitalas e ver como se moven os distintos obxectos que hai dentro delas . Con esta actividade disfrutaron moito , pois cando as botamos a rolar pola clase gatean detrás delas para collelas ou cóllenas e axítanas e poden ver como a auga de cores se move dentro das botellas e quedan moi sorprendidos mirando como a auga se move dentro da botella. Tamén experimentan as distintas texturas cos rolos que fixemos forrándoos de distintos materias : papel de lixa, papel de burbullas, estropallo , telas peludas e lisas, papel de aluminio... para que o manipualos tocasen distintas texturas. E disfrutaban axitando os ovos que reenchemos de distintos materiais : area, pedras, cachiños de madeira, arroz, macarróns...ademais de escoitar o son que fan ó axitalos perciben o peso, que vai a ser distinto en función do material do que esté recheo o ovo.

- Celebrámolo día da paz:

Este curso toda a escola decidimos facer unha actividade conxunta para celebrar o día da paz e que decorase a entrada da escola.

Decidimos facer moitas pombas brancas coas alas de cores, cada profe decidiu distintas técnicas para que os seus nenos pintaran as alas das pombas. Os nosos nenos pintaron en folios brancos con témpera de distintas cores, puxémoslle un folio branco diante e botámoslle pingas de distintas cores esparcidas por el e estendérona coas mans. Así que cada neno, dentro das súas posibilidades pintou as alas da súa pomba. Foi a primeira vez que se enfrontaban a esta experiencia...algúns encantoulles pero a outros non tanto, xa que non lle gustaba a idea de tocar a textura da pintura e manchalas mans. Unha vez rematado o seu traballo nós montamos todas as pombas e colgámolas na entrada. Tamén se lle pediu a cada familia que trouxera á escola algunha frase relacionada coa paz, e puxémolas todas dentro dunha pomba grande que tamén se puxo na entrada. Moitas familias non solo trouxeron frases soltas senón que fixeron composicións moi bonitas , que tamén se colgaron na entrada.

O día 30 de Xaneiro que é o Día da Paz tamén o festexamos na clase debuxando unha pomba de cor branco no chan da clase e inflamos globos de cor branca e xogamos con eles. Puxemos unha música alegre e todos os nen@s xogaron cos globos e viron a pomba debuxada no chan , que lle chamou moito a atención. E cando cada nen@ foi marchando para a casa pintámoslle o símbolo da paz nunha meixela.

FEBREIRO:

Neste mes celebrámolo entroido, unha festa popular na que os nen@s o pasan moi ben, xa que disfrázanse, maquíllanse, van a festas de disfraces... e na escola tamén celebramos o entroido con distintas actividades.

- Preparamos o entroido:

Neste mes empezamos a preparar o disfraz para o entroido, aínda que este ano coincide a finais de mes, polo que temos todo este mes para ir facéndoo. Despois de xuntarnos todo o persoal da escola e pensar na idea de que temática elixir este ano para levar a cabos os disfraces, decidimos que a idea máis votada pola maioría foi a de ir de flores. Así que seríamos margaritas, xirasois, rosas, tulipáns, amapolas, nenúfares... E as nosas clases elegimos ir de nenúfares. Para confeccionar os disfraces pedimos as familias que nos trouxeran un tutú verde, unhas pranchas de gomaeva de distintas cores e unha camiseta branca. E puxémonos mans á obra: as follas do nenúfar fixémoslas coas pranchas de gomaeva, fixémoslas en 2 tamaños distintos e fómolas cosendo o tutú, poñendo unha capa de abaixo as máis grandes e outra capa por arriba as máis pequenas. Unha vez rematado o traballo de coselas follas deixamos que cada nen@ pintase con témpera un cacho de gomaeva que recortamos en forma de semicírculo, que serían os estambres dos nenúfares e que despois cosemos na camiseta. O xoves día 20 toda a escola nos disfrazamos. Así que eses días pedímoslle ás familias que trouxeran uns pantis verdes e disfrazámonos todos de nenúfares. E cada nen@ levou o seu disfraz para a casa cando se foi. Estaban todos moi guapos !!!!

Na clase tamén nos maquillamos e nos disfrazamos de moitas cousas: de Micky, de ratiña presumida, de tirata, de león, de mono... a algúns custoulle estar quietos mentres as profes os maquillaban pero outros portáronse estupendamente e quedaron guapísimos. Coas fotos que sacamos maquillados e disfrazados decoramos a entrada da escola durante toda a semana.

Na tarde do venres 21 foi a merendola que facemos tódolos anos e na que todos viñemos disfrazados. As profes fomos disfrazadas das distintas flores e as familias viñeron disfrazadas de múltiples personaxes: piratas, sevillanas, superhéroes, presos, policías, Pepa Pig, Alicia no país das marabillas..., este ano animáronse moitos a vir disfrazados e pasamos unha tarde moi divertida, xa que o tempo acompañounos, pois fixo unha tarde estupenda e puidemos saír ó patio exterior a disfrutar do solíño e así todos os [nen@s](#) puideron disfrutar do patio nos columpios e correndo ó aire libre. Unha vez que estivemos un bo anaco fora entramos á escola e disfrutamos degustando unha boa merendola con produtos típicos destas festas.

- Xogamos con caixas de cartón:

Traemos á clase caixas de cartón grandes e deixamos que tomen contacto con elas: obsérvanas, tócanas, tiranas o chan, métense dentro delas, xogan a esconderse debaixo, facemos un tren con elas e en cada caixa vai un nen@, facemos túneles con elas, póñense enriba e aplastanas... Pasárono xenial !! Foi unha actividade moi sinxela na que empregamos material de refugallo e coa que se divertiron un montón.

- Xogamos a arrastrarnos e mantearnos nunha manta:

Trouxemos unha manta á clase e fixemos distintas actividades con ela. Primeiro subimos a cada nen@ nela e arrastrámolo pola clase e tamén no patio, pois temos máis espazo. Primeiro puxémolos boca arriba e tiramos da manta e arrastrámolos amodiño para que non collesen medo e despois cambiámoslos de postura e tumbámoslos boca a abaixo. Tamén os mantemos, entre 2 profes collemos a manta polos extremos e colocamos o neno dentro e subimos e baixamos a manta... Foi unha experiencia coa que disfrutaron moito, aínda que algún non quixo saber nada dela, porque tiña medo.

- Fixemos pompas de xabón:

Cando saímos ó patio e estábamos todos xuntos fixemos pompas de xabón, temos un aparato que é moi chulo e práctico, pois con tan solo apertar un botón fai moitísimas pompas xuntas. E así non temos que andar soprando. Con este método os [nen@s](#) disfrutaban moito pois saen ó mesmo tempo unha gran cantidade xunta de pompas e permítelles disfrutar moito máis intentando tocalas e estoupalas. Pasárono en grande!!!

- Experiencia de musicoterapia con ovos sonoros:

Nas nosas clases temos unha caixiña con ovos pequeniños , con un tamaño axeitado para que [nen@s](#) tan pequenos poidan agarralos sin dificultade, que están recheos e que ó axitalos fan distintos sonidos, máis fortes ou máis suaves. E sentámoslos todos en círculo e ímoslle dando un a cada un, para que experimenten con eles, a primeira reacción e collelo e levalo á boca, pero axitámolo nos e ensinámoslle o son que emite ó axitalo, para que eles tamén imiten a acción. E unha vez que comprenden a actividade xa lle collen gusto e intentan axitalos e consíguelo!!. Imoslle dando máis e deixámoslos esparcidos pola colchoneta onde están sentados para que os vaian collendo e experimenten cos distintos sons.

- Empezamos a tomar auga e galleta a media maña:

Ó longo deste mes empezamos a sentalos nun sitio da clase determinado, para que collan a rutina de ir sentándose no mesmo sitio cando sexa a hora da galleta, e unha vez sentados repartimos unha galleta a cada un para que vaian empezando a comela. Ó primeiro tivemos coidado , xa que algún aínda podía atragantarse e xa lle dábamos cachos moi pequeniños, para que se fosen acostumando a mastigar, pouco a pouco. Unha vez que rematasen a galleta dámoslle auga , a maioría teñen un vaso adaptado para bebés , pero imos ir intentando que o vaian deixando para ir aprendendo a beber por un vaso normal.

MARZO:

Coa chegada do mes de marzo empezamos a cambiar a decoración das nosas clases con debuxos alegres que recrean escenas da estación que acaba de empezar este mes : a primavera.

Aínda que non nos dou moito tempo de levalo acabo, pois a mediados de mes, concretamente o día 14 , o goberno decretou o estado de alarma sanitaria provocada polo virus COVID 19 , polo que tivemos que quedar confinados nas nosas casas e pechala escola. Circunstancia pola cal tivemos que suspender a nosa actividade educativa, non sabendo cando a iamos poder recuperar.

Neste primeiros 15 días levamos a cabo as seguintes actividades:

- Acudimos a actuacións musicais:

Durante o mes de marzo nas clases de 2 a 3 anos celebraron o mes da música e invitaron ás familias a que participaran vindo á escola a realizar algunha actuación musical (tocar instrumentos, cantar e bailar), polo que cando houbo algunha actuación musical tamén nos invitaron os bebés para que puidésemos disfrutar delas.

E fomos a un par delas nas que escoitamos instrumentos como o a gaita, a pandeireta , o

piano...e as profes quedamos sorprendidas do atentos que estiveron os nosos nen@s. A pesar de ser tan pequenos estiveron moi quietiños, sentados e atentos e mesmo algún acompañou con palmas ou incluso bailando. Foi unha experiencia moi divertida e da que disfrutaron moito!

- Contamos contos con sons e cantamos cancións :

Agora que a maioría xa cumpriron o ano ou van cara el,xa van sendo capaces de estar un pouquiño sentados atendendo mentres lles ensinamos ou contamos un conto. Neste trimestre mandamos a cada familia que mercase un conto axeitado a estas idades e a maioría eran de sons, texturas , imaxes recoñecibles e familiares... e ó longo deste mes xa empezamos a ensinalos. Estiveron moi atentos, sobre todo a aqueles contos que tiñan sons e incluso se animaban a participar premendo o botón para que emitise o son.

Tamén lles gustaba moito estar un anaquiño sentados escoitando moitas cancións que acompañábamos con xestos.

- Xogamos a buscar obxectos escondidos en caixas:

Collemos varias caixas de distintos tamaños e metemos dentro delas distintos obxectos : papeis de distintas cores, pezas de madeira , culleres, papel de burbullas, pequenos xoguetes sonoros... e sentamos a tódolos [nen@s](#) no chan e puxemos as caixas esparcidas polo chan para que foran a collelas e fosen abrindo cada unha delas e mirasen o que había dentro . A todos aqueles que eran mais pequerrechiños e non podían abrilas solos fómoslle axudando.foi unha actividade que repetimos varios días porque gustoulles moitísimo. Entretivéronse moito observando e experimentando con todos estes obxectos, manipuláronos, observáronos, leváronos á boca...,así que resultou ser unha experiencia moi entretida !

- Experimentamos con botes con cintas de cores:

Para realizar esta actividade botamos man do material de refugallo e rescatamos botes de leite que fomos gardando de cando os nosos [nen@s](#) tomaban o biberón e decorámoslos por fora forrándoos con vinilos de distintas cores e fixemos pequenos cortes nas tapas para meter nelas lazos de distintas cores, distinto ancho, distintas texturas... de forma que quedase á vista na tapa dos botes un pequeno cacho de lazo e do que puidesen tirar. Ó primeiro houbo que axudarlles a facelo, pois esta actividade require traballala motricidade fina e ter ben adquirido o movemento de pinza dixital.

- Xogamos ás agachadas:

Agora que moitos dos nosos nen@s xa son máis grandiños e algúns xa andan e disfrutaron moito xogando ás agachadas nun moble no que as profes colocamos unha cortina de cores chamativos e que lles serve para agocharse detrás dela. Uns agáchanse detrás da cortina e os outros miran mentres tiran dela...moitas veces escachan coa risa . Da gusto ver que ben o pasan !.

E a mediados de mes tivemos que interrompirla asistencia á escola debido ó estado de alarma decretado pola alerta sanitaria .

TERCEIRO TRIMESTRE:

Neste 3º trimestre xa non puidemos asistir á escola e plantexámolo dunha maneira totalmente distinta á que tiñamos prevista, tivemos que reinventarnos para afrontar esta situación de alerta sanitaria que nos obrigaba á estar metidos nas nosas casas , polo que xa non podíamos asistir á escola e deixábamnos de estar en contacto cos nosos nenos/as.

Reflexionando sobre esta circunstancia todo o persoal da escola decidimos que íamos a seguir en contacto coas familias a través da tokkaap e propuxémonos , xa no mes de abril, mandarlle un video ás familias no que todo o persoal lles transmitiamos ánimos e mensaxes positivos que lles axudaran a levar mellor esta situación.

A partir do mes de abril cada grupo de idade coordinouse para ir pensando e gravando distintas actividades: contos, cancións , bailes, teatrillos...e ir mandándollas cada semana a Emilia , para que lles mandara a cada familia a través da tokkap.

A proposta desde as nosas clases foi a de ir alternando suxestións de actividades para que puidesen realizar as familias cos seus nenos/as e a de gravar vídeos onde as profes cantásemos cancións, contásemos contos e realizásemos distintas actividades e así poder manter un contacto máis visual cos nosos nenos/as.

As propostas que se plantexaron sobre as distintas actividades explicámolas de forma clara a través dunha pequena exposición escrita e de todas aquelas que puidemos axuntamos un enlace de youtube onde se podía ver claramente a actividade.

A gravación dos vídeos con actividades empezámolas realizando de maneira sinxela e simple, pero a medida que íamos collendo práctica xa fomos mellorando a técnica e conseguimos realizar xa videos de actividades máis completas.

Agora pasamos a enumerar todas as actividades que levamos a cabo ó longo deste trimestre :

- Vídeo da canción “ la la la” : esta é unha canción que cantábamnos moito na clase e que lles gustaba moito a todos. É unha canción que se vai repetindo a mesma estrofa , pero cambiando a vocal. Así que cada profe cantou a canción con unha vocal diferente. Decidimos empezar con esta canción porque ademais de que lle gustaba moito permitíanos aparecer a todas as profes participando na actividade e así podíannos ver de novo a todas, aínda que fose a través do teléfono.

- Video do conto da Lúa : aproveitando que estábamos na semana do Día do Libro decidimos enviar un conto, que xa contáramos na escola e que lle gustaba moito. Pero esta vez contámolo non usando o conto orixinal, senón a través dun pequeno teatrillo no que ían saíndo as figuras do conto, mentres se ía narrando.

- Vídeo do “Tiwst de los ratoncitos” : ésta é unha canción moi bonita , alegre e movida que conta a historia duns ratiños e dun gato. Fíxose representándoa nun guiñol , onde ían aparecendo os personaxes que ían saíndo na canción. Quedou moi bonita!

- Video da canción “teño dúas manciñas “ : é unha canción moi apropiada para nenos/as destas idades nas que están os nosos nenos/as, pois traballa o esquema corporal : as mans e as partes da cara. Nesta canción tamén volvemos a saír todas as profes cantando cada unha unha estrofa da canción. E ademais de cantala canción propuxemos unhas cantas actividades para que realizaran nas súas casas despois de escoitala, como as seguintes:

- Papá e mamá cantarán a canción fronte o neno/a facendo os xestos.

- Sentados fronte ó espello ir sinalando na cara do neno/a as distintas partes da cara.
- Coller un boneco/a e sinalar co neno/a no regazo as partes da cara do boneco/a

-Vídeo do conto “Miau” : é un conto moi axeitado para nenos/as tan pequerrechos , pois nel van saíndo distintos animais (o gato, o cabalo, o galo, a vaca, a pata e o grilo) e contalo emítense o son que fai cada un. E traballamos así os distintos animais coas súas onomatopeias.

- Vídeo da familia: no mes de maio celebramos o día da familia e se estivésemos na escola íamos a facer actividades onde puidesen participar as familias e celebrar todos xuntos esta data. Pero como as circunstancias non o permiten decidimos facer un vídeo todo o persoal da escola cunha música de fondo e na que íamos aparecendo cada unha de nós cun cartel no que apareza unha palabra relativa a familia como: ledicia, aloumiños, responsabilidade, bicos...para poder mandarllo ás familias para que se acordaran desta data na que se celebra a importancia da familia.

- Vídeo “ Cu- cu ...Quen será ?” É unha actividade moi divertida feita a modo de adiviñanza , na que cada unha das profes aparecíamos cun animalíño escondido dentro dun vaso. E que ía saíndo do vaso e emitindo o son que fai cada un deles,e xogábase a aparecer e desaparecer. Saían animalíños da granxa como o cabalo, a galiña, o porco, a ovella e o pitiño.

- Video “ Canción de benvida “: decidimos gravar esta canción porque era a que cantabamos na escola e que utilizábase para dar os bos días cada mañá. Cada profe gravou un cacho no que saudaba a un grupo de nenos/as, de xeito que en cada clase as súas profes saudaban de forma directa dicindo o nome de cada neno desa clase. Pareceunos unha boa idea porque así podíannos ver saudando a cada un polo seu nome.

- Vídeo “As cores”: Este é un conto cantado onde se van repasando as distintas cores a través dos ratiños . Fíxose a través do guiñol onde a medida que se ía cantando a canción ían saíndo os ratiños das distintas cores. É unha forma alegre e divertida onde se van traballando as cores

- Felicitación dos cumpres: Despois de reflexionar sobre a idea de houbo nenos/as que estiveron cumprindo o seu 1º ano neste período de confinamento, e que o tiveron que celebrar nas súas casas e non o puideron celebrar na escola coas súas profes e os seus amiguiños ,decidimos que non queríamos deixar pasar esta celebración tan importante como é a do 1º ano de vida sen acordarnos de todos. Así que organizamos un cumpre sorpresa para cada un dos que estiveron de aniversario neste tempo , no que non puidemos asistir á escola. Foron 9 nenos/as,polo que cada profe se encargou de felicitar a 2 ou 3 nenos, facéndolle un cumpre personalizado . Foi unha sorpresa moi bonita, poder celebralo e acordarse de cada un deles.

- Conto “ Violín “: é un conto cantado moi bonito no que saen distintos sons de instrumentos musicais, que tanto lle gustaban escoitar na escola .Despois de cantar e contar o conto tamén lles ensinamos distintos instrumentos que temos na casa e imos nomeándoos un a un e tocámoslos para que escoiten o son que emiten. E para completar esta actividade plantexámoslle unha serie de actividades para que as familias fixeran na casa cos seus fillos/as:

- Que papá e mamá lles deixen ós nenos/as utensilios de cociña como potas, testos, culleres para que os poidan golpear e emitir e fagan distintos sons.
- Se teñen na casa algún instrumento musical que papá ou mamá llos toquen.
- Que se animen a facer algún instrumento musical con material de refugallo, mandámoslle algúns enlaces de youtube a modo de exemplo , para darlle algunha idea.

- Conto “ Caracol e caracola “: é un conto moi divertido onde saen uns caracois e na presentación do conto aparecen dous moi bonitos que collemos no xardín. O conto nárrese dunha forma distinta a través das 2 figuras de caracol e caracola que vai movendo a profe mentres se vai desenvolvendo a historia.

- Expresión mímica a través dun baile de ballet, “ buscando ó meu bebé”: a profe a través da representación dunha peza de ballet expresa a busca do seu bebé e expresa o cariño cara el.

- Conto “ Animais “ : é un conto cantado onde aparecen distintos animais, que tanto lles gustan ós nosos nenos/as.

A parte de todas as gravacións de actividades que fomos realizando, tamén mandamos ás familias unhas cantas propostas de actividades onde lles dábamos ideas para que puidesen realizalas na casa cos seus fillos/as. E foron as seguintes:

1.- Agora que temos que estar na casa e non andamos con tantas présas propoñémosvos que aproveitades moitas das rutinas diarias compartíndoas cos máis pequenos da casa.

- Á hora de facer a comida, mentres estades na cociña podedes ter o voso fillo/a con vós nun lugar seguro (como pode ser unha trona ou un parque) e ofrecerlle utensilios de cociña seguros para que os poida manipular como, por exemplo: vasos de plástico, boles con tapa (para que os poidan tapar e destapar), culleres grandes, estropallos ou esponxas sen utilizar, espátulas de madeira ou silicona, panos da cociña, coadores... Ou calquera outro utensilio que teñades á man.

Esta é unha actividade de exploración sensorial que lles vai a permitir coñecer distintos obxectos do seu entorno, con distintas texturas, cores, tamaños, materiais, peso... Tamén lles axudará a mellorar a coordinación man-ollo-boca e fomentar o desenvolvemento da autonomía, xa que teñen total liberdade para decidir con que obxecto quereren xogar. Axuda tamén a mellorar a atención, a concentración e a creatividade; ademais de espertar a curiosidade por descubrir o mundo que os rodea.

- Pola tarde, no salón, podedes cubrir a mesa ou varias cadeiras con sabanas vellas ou coas mantas do sofá e improvisar unha cabaña-escondite.

Xogar a esconderse encántalles e dende que son moi pequeniños gústalles moito aparecer e desaparecer e que mamá ou papá os busquen e fagan unha festa ao enconralos. Este é un xogo que impulsa o seu desenrolo, pois axúdalles a manexar a angustia que lles causa a ausencia de mamá ou papá cando non os poden ver.

- Podedes aproveitar tamén para darlle ceras e un papel ou pintar con pintura de dedos se a tendes na casa (para os que teñen arredor dun ano). Cos primeiros garabatos estimulamos o desenrolo motriz e as emocións.

- Podemos rematar o día cun baño relaxante e aproveitar para que papá e mamá se metan na bañeira e compartan esta experiencia. Esta é unha ocasión estupenda para disfrutar das caricias, dos mimos e dos xogos. É unha experiencia multisensorial, onde estaremos estimulando a vista, o olfacto, o oído e o tacto e que vai xerar múltiples beneficios:

➔ Fortalece o vínculo afectivo e reforza os lazos.

- Favorece o crecemento cerebral (reflexos, capacidade de recepción, experimentar distintas sensacións...).
- Favorece o desenvolvemento da fala, oído e capacidade de observación. Podemos aproveitar para falarlle, sorrirlle, facerlle pequenos masaxes...
- Axuda a conciliar o sono.

Ao rematar o baño e despois de secalo é un moi bo momento para rematar cunha masaxe relaxante.

2.- Propoñémosvos unhas cantas ideas para xogar con caixas de cartón , xa que son uns dos mellores xoguetes para estimular a imaxinación, pois ofrecen moitas posibilidades.

- Apilar unha enriba da outra, así podemos xogar a facer torres e derribalas.
- Darlle caixas con tapa para q tapen e destapen.
- Meter distintos obxectos en varias caixas (pelotas, culleres, pezas de madeira, plásticos de cores...) e xogar a que descubran o que hai dentro de cada caixa.
- Facer un burato redondo na tapa dunha caixa para que metan pelotas por el.
- Facer unha ranura na tapa dunha caixa para que intenten introducir tapas.
- Usar caixas grandes, nas que os nenos/as se poidan meter dentro e xogar a aparecer e desaparecer.

3.- Actividade do cesto dos tesouros:

Propoñémosvos que fagades esta actividade cos vosos fillos/as. É unha actividade de exploración sensorial que consiste en colocar diferentes obxectos da natureza e da vida cotiá nunha cesta. O obxectivo é que poidan entrar en contacto con diferentes texturas, cores, tamaños, formas, pesos, olores... En definitiva, obxectos que que estimulen os 5 sentidos e as súas capacidades (motrices, cognitivas, comunicativas...) e que faciliten o seu desenvolvemento. O adulto actuará principalmente como observador e acompañante, pero non debe interferir no xogo.

Exemplo de obxectos que podedes introducir na cesta : pinzas da roupa, cepillo de dentes e do pelo, esponxas, culler de madeira e de metal,, coador, tapas, telas, caixas de lata, froitas (laranxa e limón)....

Esta é unha actividade con múltiples beneficios para os nenos/as pois mellora a coordinación ollo-boca, estimula todos os sentidos, desenvolve a autonomía, mellora a atención, a concentración e a creatividade, esperta a curiosidade.... Polo que é unha proposta moi sinxela de realizar e con múltiples beneficios.

Xunto con esta proposta enviamos un enlace de youtube onde podían ver a actividade.

Ademais de todas estas actividades que fomos propoñendo dende as nosas clases, dende o persoal de cociña tamén se foron mandando vídeos con propostas de receitas saudables para que as familias puideran preparar nas súas casas. Mandáronse as seguintes:

1.- Tortitas : unha receita moi sinxela e que se pode degustar ó longo do día no almorzo, na merenda ou na cea. E acompañala de chocolate, froita, nata , mel...

2.- Caracolas sen gluten: é unha receita apta para celíacos que se realiza con ingredientes moi comúns e que todos podemos ter nas nosas casas. E pode ser unha boa proposta para degustar ou ben na comida ou na cea.

3.- Galletas con pepitas de chocolate: é unha receita seguramente que moi ben recibida por

todos os nenos/as e fácil de facer, xa que a todos lles gustan estas deliciosas galletas con cachiños de chocolate.

4.- Cookies para facer no microondas: é unha receita moi fácil e rápida para facer no microondas que logo se fai e que de seguro todos os nenos /as van agradecer.

5.- Xeados de froitas: é unha receita moi sinxela e con ingredientes moi saudables como son o iogur e as froitas e moi fácil de facer . Moi axeitada para o tempo de verán que nos espera.

CONCLUSIÓNS:

Nas clases de 0 a 1 é nas que se evidencia con máis claridade os cambios que se van producindo ó longo do curso nos nosos nen@s , xa que cando empezan en setembro son uns bebés moi fráxiles que apenas poden facer nada por sí mesmos e que dependen de nós en todo momento e agora que remata o curso xa podemos observar unha serie de cambios moi evidentes a todos os niveis (motor, cognitivo, social...). Aínda que este curso foi atípico , pois debido a alerta sanitaria decretada polo goberno o día 14 de marzo debido ó COVID 19, tivemos que suspender as clases e xa non as podemos retomalas ata que empece un novo curso en setembro. Debido a esta situación tan excepcional que nos obrigou a cambiar a nosa forma de traballar no 3 ° trimestre,fixo que tiveramos que perder o contacto directo cos nosos nenos/as , o que nos impediu seguir observando os avances tan grandes que seguían a darse no crecemento durante este primeiro ano de vida.

Aínda así ó longo dos 2 primeiros trimestres que estivemos na escola fomos observando a evolución de cada neno/a, tendo en conta o abanico de idades tan distintas que tivemos este curso e todos experimentaron grandes cambios a nivel motor, cognitivo, de relación cos demais..., iso se cada un levando un ritmo individual diferente. Cando rematamos a asistencia á escola no mes de marzo xa 2 dos nosos nenos camiñaban e algún máis xa lle faltaba pouco, pois os máis grandíños estaban cumprindo o seu 1º ano. Xa todos asistían á escola contentos e viñan dispostos a participar cada día nas diferentes actividades que lles plantexábamos e disfrutaban moito delas. Todos estaban comendo papa, durmían nos seus berces, tiñan as rutinas diarias da clase interiorizadas...

Intentamos traballar marcándonos uns obxectivos que procuramos acadar levando a cabo moitas actividades acompañadas con grandes doses de tenrura, afecto e paciencia. Moitos destes obxectivos logramos acadalos e outros aínda seguen en proceso.

Despois de rematar o curso e botando a vista atrás podemos dicir que estamos contentas cos logros acadados e así poder continuar o noso traballo cos mesmos nen@s para o ano que ven en 1 a 2 ,o que nos facilitará a todos o día a día, pois xa nos coñecemos e o reencontro en setembro será menos duro para todos, aínda que este próximo curso será distinto, xa que levamos moitos meses sen vernos e seguro que a volta vaise a facer máis dura, polo que teremos que ter unha doses extra de paciencia e comprensión.

Xa non nos queda máis que agradecer a colaboración a todas ás familias , que sempre se prestaron a participar cando que llo pedimos, para levar a cabo algunha das actividades programadas e que depositaron en nós a súa confianza para educar e coidar aos seus fillos/as.

CLASES 1-2-ANOS

INTRODUCCIÓN

Estamos rematando o curso e imos contarvos o moito que traballamos os nen@s de 1-2 anos, ca axuda das nosas profes e a colaboración das nosas familias.

Empezamos no mes de setembro 35 nen@s distribuídos en 3 clases:

Clase A: 5 nenos e 8 nen@s que temos entre 9 e 13 meses. No mes de febreiro incorporouse unha nena en xornada de tarde.

Clase B: 4 nenos e 7 nenas que temos entre 11 e 19 meses. No mes de outubro incorporouse un compañeiro que so está con nós en xornada de mañá e non come na escola.

Clase C: 8 nenos e 3 nenas de 12 a 19 meses. No mes de febreiro incorporouse outro amiguiño.

Todos nós vimos pola mañá á escola excepto unha nena que ten xornada de tarde. Menos o compañeiro da clase B, e a compañeira de xornada de tarde, todos comemos e durmimos a sesta na escola. Temos uns xemelgos que están por quendas e somos moi pouquiños a hora da merenda. A maioría marcha a casa despois da sesta.

Agora que sabedes **cantos somos** imos dicirvos o **que fixemos** ó longo deste curso.

SETEMBRO

Algúns amiguiños tiveron moita sorte. Cando empezamos na clase de 1-2 anos xa se coñecían e tamén coñecían ás profes. Por iso só cambiaron de clase pero para moitos é a primeira vez que imos a escola e sentimos moita tristura cando papá e mamá nos deixan aquí. Eles entran a clase a deixarnos e marchan a traballar. Logo veñen a buscarnos. Menos mal que imos empezando pouco a pouco. A primeira semana só estamos ½ hora. Aínda así pasámolo bastante mal. A segunda semana xa nos deixan 1 hora. Isto resulta moito tempo. A medida que imos permanecendo máis tempo na escola pensamos que temos que afacernos e con chorar non conseguimos nada. É verdade que as profes esfórzanse en facernos a estancia divertida pero separarnos de papá e mamá non é doado. A mediados de mes algúns xa empezamos a comer. Os máis pequenos tomamos puré e os máis grandes sentamos a mesa e comemos comida de maiores. A comida está rica pero mellor sabe a que fan na nosa casa. Protestamos pero unha vez máis acabamos adaptándonos. Tanto na casa como na escola todos din que este é o **PERÍODO DE ADAPTACIÓN**. Nos tamén sabemos que papá e mamá sofren e incluso as profes. Elas tratan de entreternos, acariñarnos, fan con nós moitos xogos, actividades atractivas, aquí hai bonecos, cacharriños, coches, peluches, animalíños, contamos moitos contos, escoitamos música e cantamos, saímos o patio e xogamos cas motos, coches, na casina, conversamos no noso idioma para ir coñecéndonos. Bo, falan elas porque nós so sabemos chorar. Aínda así, xogamos libremente cada un o noso ritmo. Temos amiguiños que aínda non camiñan pero saben desprazarse gateando e arrastrándose.

Cando remata o mes empezamos a tomar a sesta na escola. Tampouco nos gusta. Cústanos conciliar o sono. Todos queremos á profe a nosa beira. Durmimos pouco tempo e espertamos chorando. Pouco a pouco imos superando este proceso e empezamos a pasalo ben. A uns custounos máis que a outros pero ó final estamos moi contentos de vir a esta escola. As profes aproveitan para observarnos e saber o que somos capaces de facer.

PRIMEIRO TRIMESTRE

OUTUBRO

Agora xa nos coñecemos todos, aínda que mais de un aínda chora. Os que estamos máis tranquilos tratamos de consolalos. Din as nosas profes que temos que ir acostumándonos ás rutinas. Pola mañá deixamos as nosas pertenzas na percha e imos xogar libremente ata que chegaron case todos.

As 9:30 recolleemos e tratamos de sentarnos un ratiño na alfombra. Isto chámase **ASEMBLEA**. Cantamos a canción do saúdo e preséntanos a **TINA**. É a nosa mascota. Unha coelliña moi suave que da gusto darlle bicos. Contámoslle as nosas historias e participa nas actividades. Cando sexa o noso aniversario imos levala a casa a coñecer a nosa familia.

Aguantamos pouco tempo sentados. Cada un temos os nosos intereses por iso as actividades que facemos duran pouco tempo. Cada día dedicamos un tempo flexible a facelas despois da asemblea.

As profes para organizarse escolleron un pequeno proxecto para cada mes en función do que

pretenden que aprendamos. Este mes pensaron, **ESPELLIÑO, ESPELLIÑO, QUEN É O NEN@ MÁIS BONITO**. Tamén nos queren ensinar costumes e tradicións do noso contorno. Este mes experimentamos co millo, cas uvas e cas cabazas. Din que é tempo de vendima, de recoller o millo e as cabazas.

Facemos unha serie de actividades que nos axudan a coñecer ós compañeiros e a nós mesmos:

- Que temos na nosa cara, que podemos facer cos ollos, nariz, boca, orellas.
- Mirámonos no espello e dicimos o guapos que somos.
- Lavamos a cara e secámola ca toalla.
- Peiteámonos e poñemos colonia . Recendemos.
- Observamos os amiguiños e profes que tamén teñen ollos, nariz, boca...
- Xogamos cos bonecos e miramos si eles tamén teñen.
- Cantamos cancións con xestos relacionadas co tema e tamén cas diferentes rutinas.
- Intentamos soprar papeliños, plumas, algodóns...
- escoitamos na radio sons do noso corpo e intentamos imitar.
- Facemos exercicios ca nosa **boca** tirando bicos, sacando a lingua, abrindo e facendo ruídos, inflamamos as fazulas..
- Outro día tocamos os **olliños**, pechámolos , non miramos nada, imitamos que choramos cando estamos tristes, miramos con papeis de celofán de cores, poñemos unhas gafas de sol ...
- Tapamos as **orellas** e non escoitamos, facemos ruídos con papeis e escoitamos, falamos baixiño...
- Tamén temos **nariz**. Alí están os mocos. Limpámonos cun pano. Algunhas cousas olen ben, outras cheiran.
- As profes traen a clase **uvas**, tocamos e esmagamos cas nosas manciñas para ver como sae zume.
- Manipulamos **cabazas grandes e pequenas**, verdes, laranxas e amarelas, lisas e con verrugas.
- Outro día traen **espigas de millo**. Tocamos, sacámoslle os grans, Metémolos en botellas , axitamos e facemos música.
- Nas nosas casa decoramos unha cabaza ca axuda de papá e mamá e levámola a escola. Sacamos fotos todos xuntos e logo o **Día do Samaiñ** poñémolas todas na entrada da escola. Papá e mamá teñen moita imaxinación e fixeron verdadeiras obras de arte.
- As profes abriron unha cabaza e **manipulamos** a súa polpa, sacámoslle as pipas e mesmo algún nos atrevemos a probar.
- Mostramos fotos onde se aprecian diferentes emocións e imitamos: tristes, contentos, sorprendidos, asustados, enfadados...
- Ás 10:15 sentámonos na alfombra **tomamos galleta e auga**, miramos o cueiro e preparámonos para ir o patio.
- Poñémonos de acordo cos amiguiños das outras clases. Imos cada clase 30 minutos. Así somos menos no **patio** e non pelexamos tanto.
- Ás 11 entramos, como vimos cansados, sentámonos e **contamos un contiño**.
- Despois **xogamos libremente** con cacharriños, bonecos, comidiñas, animais, coches, ... mentres a profe nos cambia o cueiro e nos asea.
- As 11:45 recollemos , **lavamos as mans** e imos o comedor.
- Cando rematamos de **comer, lavámonos, volvemos o patio, miramos de novo os cueiros, sacamos os zapatos e imos a durmir as nosas camiñas**.
- Os que non dormen xogan na clase A.
- A medida que espertamos **levantámonos, poñemos os zapatos, lavamos a cara e cambiamos o cueiro**.

- **Xogamos** na clase ata que papá e mamá veñen a buscarnos.
- Celebramos os **aniversarios** dos amiguiños que cumpren o seu primeiro ano. Intentamos sentarnos todos xuntos cunha torta de mentira que fixeron as profes. Poñémoslle unha coroa ó protagonista , cantamos Parabéns para ti, sacamos fotos. Facemos unha tarxeta, pegámoslle unha foto do grupo e lévana a casa como recordo. Ese día Tina vai a casa a coñecer a familia e a celebrar o aniversario.

Na clase A están os nen@s máis pequeniños. Eles fan algunhas das actividades anteriores e outras adaptadas as súas características. Actividades que lles axudan a arrastrarse, incorporarse, camiñar collidos da man e agarrados ás cousas etc.

NOVEMBRO

Agora que xa sabemos o guapos que somos e todo o que podemos facer cas partes da nosa cara, xogamos cas mans e cos pés. **PALMIÑAS, PALMIÑAS, FOLLAS E CASTAÑIÑAS**. Somos pequeniños pero estivemos vendo que cando imos o parque, na rúa e tamén no patio da escola hai moitas follas no chan, as árbores quedan espidas, empeza a facer frío, póñennos roupas de abrigo e todos din que estamos no **outono**.

- Sentadiños na alfombra despois de saudarnos escoitamos o que as profes nos contan das follas, das árbores, os paxariños que marchan, ensínannos murais, fotos, contos de paisaxes de **outono**.
- Dentro dun cesto temos **froitos de outono**: castañas, noces, abelás, granadas, uvas, millo, cabazas . Tocamos, ulimos, collemos ó peso porque algunha cabaza pesa moito. Gústanos moito manipular e mesmo metemos na boca para probar.
- As profes teñen unha bolsa grande con moitas **follas**. Tíranas dende o alto coma si caeran das árbores e xogamos con elas. Son de cor vermella, amarela, verde, marrón. Algunhas son grandes, outras pequeniñas. Tocámolos, pisámolos, fan ruído, olen, tirámolos o aire, deitámonos nelas e mesmo trouxeron un ventilador e fixeron vento. Era bonito ver como escapaban.
- Conversamos moito sobre o **que podemos facer cas nosas mans**. Facemos ximnasia abrindo, pechando, saudando, acariñando, tocándonos, collemos cousas miúdas, ...
- Facemos un mural estampando as nosas manciñas. Despois lavámonos con auga morna e xabón. Secamos ca toalla.
- Sentámonos uns diante doutros e damos **masaxes** ó que temos diante cas manciñas, cunha pelota, cun coche pequeno, tamén pasámoslle unha pluma e algodón pola cara, polo pescozo ...
- Descalzámonos e falamos dos nosos **pés**. Tocamos os dediños, facemos cóxegas, camiñamos pola clase sobre a alfombra de texturas e outros materiais. Logo lavamos os peíños con auga quentiña, secámolos, poñemos os calcetíns e os zapatos.
- Cantamos e escoitamos cancións dos pés e mans e tamén facemos xestos.
- **Experimentamos con fariña de millo**. Enchemos e baleiramos con cacharriños. Botámoslle auga e amasamos. Ó primeiro non nos atrevemos a tocar pero logo pasámolo pipa remexendo .
- **Pintamos con rodillo en papel grande con cores de outono**.
- **Facemos un mural de outono**. Estampamos os pés facendo o tronco e logo as profes fan follas no papel grande que pintamos con cores de outono e pérganas no mural.
- **Una vez a semana facemos xogo heurístico**. Gústanos moito facer ruído cas latas, torres cos rodillos de plástico e cartón, abrir e pechar os botes, meter as cadeas polos tubos ... O que menos nos gusta é recoller cada cousa na súa bolsa.
- Temos moitos **botes con rañuras e metemos tapas dentro**. Tamén temos outros con **cintas de cores** que nos encanta tirar delas.
- Xogamos moito libremente cos cacharriños, comidiñas, bonecos, animais, coches, construcións, pelotas, saímos o patio a xogar cas motos, coches ...

- Facemos **psicomotricidade** arriba, abaixo, palmas, pitos, xeonllos, pés, correndo, arrastrándonos, gateando, imitando animais ...
- **Sáimos o patio** do aparcamento a sacudir a árbore e miramos como caen cas follas e xogamos con elas

DECEMBRO

Cando vimos á escola vemos pola rúa moitas luces, escoitamos música de panxoliñas nas tendas, na tele falan de Papá Noel e dos Reis Magos. Xuntámonos cos avós, tíos e primos para comer e cear. Fannos agasallos. Na escola as profes cóntannos moitas historias . “ **UNHA FESTA QUE SE CHAMA NADAL** ” .

- Miramos murais, contos, fotos, revistas onde **vemos cousiñas do Nadal**.
- Na entrada da Escola está **Papá Noel** e tamén a **árbore de Nadal** con moitas luces e adornos. Todo está **moi brillante**.
- Na clase temos unha caixa grande con cintas, espumillóns, bolas, estrelas, campás, gorros e traxes de Papá Noel, diademas de cervos, plumas ... Xogamos con todo isto. As profes **disfrázannos e sacamos moitas fotos**.
- Tamén **xogamos con papeis brillantes**, de agasallo, celofán e con teas ...
- **Pintamos con rodillos** en papel continuo de cor verde. Logo as profes debuxan unha **árbore de Nadal** e entre todos poñémolle adornos.
- **Experimentamos con froitas de inverno**: laranxas, limóns, pomelo, mandarinas. Tocamos , ulimos, miramos como son por dentro, probamos, facemos zume e mesmo algún amiguiño é capaz de sacarlle a tona as mandarinas.
- Trouxemos da casa **caixas, caixas e mais caixas de cartón** de diferentes tamaños. As profes fan un circuíto e xogamos a pasar entre elas, a facer torres, agacharnos entre elas, tiralas, levalas dun lado a outro, metémonos dentro e as profes arrástranas ...
- Estampamos o noso pé nunha tarxeta e levámola a casa como **felicitación de Nadal**.
- Sacamos fotos **disfrazados de Papá Noel**.
- Xogamos ca **cor vermella**: facemos auga desta cor mesturándolle pintura, metemos cousas vermellas na caixa vermella , pintamos coas nosas mans con témpera vermella nun folio, pegamos gomets grandes nun folio, pintamos unha bola de Nadal e poñémolle purpurina para que brille ...
- **Facemos ximnasia no patio**: cos aros, cas pelotas, nos acolchados, pasamos polo túnel, enriba do banco, debaixo, subimos polas escaleiras, baixamos pola rampla ...
- Un amiguiño de cada clase participa no **Festival de Nadal**. Os demais imos a ver a actuación.

SEGUNDO TRIMESTRE

XANEIRO

Estes días de Nadal tivemos moitos agasallos nas nosas casas, estivemos cos avós, outros fomos de vacacións e despois de Reis tivemos que volver á escola. Agora estamos no inverno e as profes din “**PARA OFRÍO ESPANTAR IMOS XOGAR**”.

Conversamos sobre os agasallos que nos deixaron os Reis. Falan as profes porque nós aínda non somos moi conscientes desto. **Na escola tamén deixaron un xoguete**. É unha caixa con tubos para meter bolas vermellas. Gústanos moito xogar con el.

- **Falamos do vento, da chuvia, do frío**, miramos fotos da **neve** porque aquí non temos.
- **Sáimos** un día abrigados e **cos paraugas a mirar como chovía**. Tamén facía vento, movía as árbores do patio, no chan había pozas, o escorredoiro e a casiña estaban mollados.
- Xogamos na clase a poñer **bufandas, gorros, luvas** para taparnos do frío.
- Outro día abrimos e cerramos **paraugas** e logo decoramos un nun folio. Tamén pintamos as pingas de auga.
- Trouxemos **cousas quentes e frías** e estivemos tocando: secador de pelo, manta

eléctrica, toallíñas, xeo, boliñas de arrefriar, a bolsa fría dos golpes ...

- A hora da galleta **tomamos leite quenteño, botámoslle Colacao** e miramos como cambiaba de cor. Gustounos a todos remexer e mollar a galleta.
- **Metemos cortizas nunha botella grande.** É moi divertido pero despois non somos capaces de sacalas. A próxima vez temos que ter varias botellas e moitas cortizas. Temos moitas pelexas. Todos queren participar.
- **Pintamos cas nosas mans de cor branco nunha cartolina negra** e logo facemos un **mural de inverno.** É un boneco de neve que lle poñemos botóns, nariz, ollos ...
- Pintamos nun folio de cores con pinceis e logo as profes fan unhas pombiñas para poñer na entrada da escola para celebrar o **Día da Paz.** Tamén papá e mamá participan buscando unha **frase relacionada con este tema.** Ese día a nosa escola estaba preciosa e as profes están dicindo todos os días o moito que debemos querernos, acariñar, que sexamos amigos e non pelexemos. Nós queremos pero ás veces non podemos.
- Traemos a clase unhas bandexas con azucre, pan relado, lentellas, garavanzos, café moído, colacao, sal e estivemos tocando, **percibindo sensacións,** enchemos, baleiramos e mesmo probamos. Estas actividades de experimentar, encántannos.
- Saímos o patio abrigadiños a **plantar amorodos.** Pasámolo pipa remexendo na terra. Chegamos un pouco mollados porque somos moi pequenos e sentamos o cuíño na herba mollada. Ás profes cambiáronnos a roupa.

FEBREIRO

Como é costume na nosa escola celebramos o Entroido.” **DISFRAZÁMONOS, PINTÁMONOS, QUE GUAPOS ESTAMOS**”. Este ano dedicámoslle todo o mes de febreiro. Estamos sorprendidos porque nunca tal cousa viños. A nos gústanos xogar cos bonecos pero aínda nos da algo de medo as caretas, os antefaces e non nos gusta que nos pinten a cara.

- As profes trouxeron a clase un carriño con disfraces. **Vestíronnos, pintamos a cara e sacamos fotos.** Logo colgáronas na entrada da escola.
- Estivemos mirando fotos, contos, murais, revistas onde había nen@s disfrazados e tamén disfraces, caretas ...
- Estivemos **experimentando con arroz cru e cocido.** Chámanos moito a atención porque o cocido pégase as mans e nós sacudimos, sacudimos mais o arroz non deixa de pegarse. Unha solución é lamber. Co cru enchemos, baleiramos, mesturamos os dous. Pasamos moito tempo xogando e pasámolo mellor que disfrazándonos.
- Outra actividade ca que nos entretivemos moito foi xogando con **confeti, serpentinas e globos.** As profes botáronnos pola cabeza e logo nós imitamos. Algúns amiguiños choraron por culpa dos globos. Teñen medo cando estoupan.
- Temos na clase **bolsas que teñen dentro diferentes materiais.** Unhas son grandes, outras pequenas, pesan moito, outras pouquiño, recenden, algunhas son suaves, outras rasan. Pasamos un bo rato tocando, ulindo, levantando ... Non sabemos moi ben o que teñen dentro pero da gustiño tocar.
- Xogamos con **caixas grandes e pequenas.** Nas pequenas metemos cousiñas pequenas e nas grandes metémonos nos. As porfes arrástranas con nós dentro e rímonos moito.
- **Contamos contiños cos monicreques.** Estivemos moi atentos durante un ratiño.
- Este mes temos moito traballo. Imos **preparar o noso disfrace.** Este ano imos toda a escola **de flores.** A clase A vai de **dente de león,** a B de **tulipáns** e a C de **xirasol.** Nós pintamos e axudamos no que podemos pero son as profes as que preparan case todo.
- A última semana do mes vimos da casa cada día con algo diferente. O Luns traemos algo vermello. O martes vimos con coloretos. O mércores traemos unhas plumas de indios. O xoves poñemos todos o disfrace e sacamos fotos. Logo cando marchamos levámolo a casa. O venres vimos pola tarde a compartir unha merendola con papá, mamá, os avós, irmás ... Estivo moi boa tarde e puidemos estar todos xuntos no patio de fóra ata que empezou a facer frío e entramos a merendar. Algúns estabamos algo asustados porque algúns papás metían medo. Así **celebramos o Entroido** na nosa

escola.

- Sentadiños na alfombra facemos **exercicios de motricidade fonética**: abrimos a boca, pechámola, sacamos a lingua, pasámola polos beizos, mostramos os dentes, batémolos, inflamamos as fazulas primeiro dun lado e despois do outro, intentamos falar, tiramos bicos ...
- Poñemos unhas caretas e antefaces que nos agasallan as profes e levámolas a casa.
- **Decoramos unha careta** de pallaso estampando cos nosos dedeiros. Outro día pintamos **un anteface**.

MARZO

Este mes empezamos na nosa escola a falar de “**COMO FAN OS ANIMAIS**”. Ós nen@s gústanos moito imitar ós animais e tamén xogar con eles. Aquí na escola non temos pero facemos moitas actividades que nos axudan a aprender como son , como se moven, a maneira de comunicarse ...

- Pola mañá mentres esperamos a que cheguen todos os amiguiños **xogamos cos animalíños** que temos no baúl.
- As profes **cóntannos** todos os días **contiños sobre animais**. **Tocamos** as láminas con **texturas** que imitan as plumas, a la, as escamas, a pel grosa e rugosa ...
- **Escoitamos sons e adiviñamos** de que animal se trata.
- Facemos exercicios pola clase **imitando como se moven os animais**.
- **Cantamos** cancións e **imitamos xestos** relacionadas co tema.
- Fixemos exercicios de **psicomotricidade Alá vou...salvando obstáculos**. Subimos polas escaleiras e baixamos pola rampla, saltamos nos acolchados, camiñamos por enriba das espumas, pasamos polos arcos, rodamos no cilindro ...
- Un día pasámolo chupi. As profes colgaron no tendal **papeis de xornal**. Cando remataron pasamos por debaixo intentando non tocar, arrastrámonos coma serpes, gateamos coma os gatiños, agachámonos, xogamos a facer vento pero non resistimos a tentación de tirar deles. Cando xa estaban mais altos intentabamos estirarnos para collelos. Xogamos cos que tiñamos no chan a patinar, a seguir rachando, a facer bolas e tiralas uns ós outros e cando xa pareciamos cansos toca recoller e meter no lixo. Iso gústanos menos.
- **Xogamos cos bolos**. Cada un buscamos a nosa maneira de tiralos porque parece doado pero custa acertar.

Cando chegamos a metade do mes aparece o Coronavirus e temos que ir uns días para casa. A verdade é que ás veces protestamos para vir a escola pero temos que darlle a razón ás profes que é onde mellor estamos. Todos eses días sen os amiguiños encerrados na casa faixe duro.

TERCEIRO TRIMESTRE

ABRIL

Tiñamos a confianza de que este estado sería por pouco tempo e que enseguida volveríamos a estar todos xuntos pero dado que se ía prolongando, as profes da escola decidimos facer algunhas actividades para enviar ás familias. Dentro das nosas posibilidades tratamos de estar en contacto para que os nen@s poidan vernos e non se esquezan de nós. Ademais pareceunos que neste estado de confinamento, era interesante facer algunha actividade de entretemento.

De seguido vamos a describir de maneira breve as actividades que enviamos ó longo do mes.

- **VIDEO DE CHIMPUN**. Este é un baile que facemos con moita frecuencia na escola. Encántalle a todos os nen@. Ademais de nomear as partes do corpo traballa outros conceptos tales coma arriba, abaixo ... e é unha boa actividade de psicomotricidade grosa. Este vídeo envióselle os tres grupos de idade.
- **XOGOS PARA FACER CON CAIXAS DE CARTON**. Actividade para facer na casa e

que pode resultar entretida.

- **VIDEO DE SAÚDO.** Neste vídeo cada profe saúda ós nen@s e ás familias desexando que todos estean ben , mandándolle moitos bicos e apertas , coa ilusión de poder estar xuntos canto antes.
- **CONTO “O POLO PEPE VAI A ESCOLA”.** O polo PEPE é moi coñecido por todos os nen@s. A el cústalle levantarse pola mañá. Seguro que a algún de nós tamén. Esperamos que lles gustara. Nesta semana na nosa escola íamos a invitar ós av@s a que viñesen a contarnos un conto aproveitando que se celebra o Día do Libro. Como isto non é posible contámolo as profes desde a casa.
- **CONTO “UN BECHO ETRAÑO”** Este é un conto interesante porque ademais de contar unha historia vai compoñendo a imaxe dun rato. Pensamos que seguro que atrae a atención dos cativos.
- **CANCIÓN DA FORMIGUIÑA.** Entre todas as profes de 1-2 anos gravamos a canción facendo os xestos e cantando. Ademais imos mencionando diferentes partes do corpo.
- **FACENDO TORTITAS.** A nosa compi Sofía envíanos un vídeo de cociña. Fainos unhas tortas con moi boa pinta. Espero que alguén de vos as fixera e lle saíran ricas.
- **CONTO “A QUE SABE A LÚA.** Trata dunha serie de animais que teñen interese en saber a que sabe a lúa pero está algo alta para alcanzala. Van subindo uns enriba doutros ata que conseguen sacarlle un cacho e probala. O remate chegan a conclusión de que a cada un sábelo a aquilo que máis lle gusta.
- **CONTO “FAI ACENOS CON TEO”** Por medio das historias de Teo e os seus amigos podemos traballar varias emocións e identificalas cas diferentes expresións. Os contiños de Teo chaman moito a atención dos nosos cativos.

MAIO

Xa levamos mes e medio na casa sen poder ir a escola. Pero agora xa imos poder saír a dar un pequeniño paseo preto da casa. As profes de 1-2 anos botámosvos moito de menos por iso imos seguir contando contiños, cantando cancións e facendo outras actividades para que vos acordedes de nós .

- **CONTO “O POLO PEPE”.** Hoxe contamos outra historia do Polo Pepe e a profe acompaña ca canción que tanto vos gusta.
- **CONTO “UNHA EIRUGA MOI LARPEIRA”.** Este conto fálanos dunha eiruga comilona que despois de zampar moitas froitas e outros alimentos vai engordando e convertese nunha preciosa bolboreta.
- **CANCIÓN “A FAMILIA DOS DEDOS”.** Representación da canción no teatriño cos monicreques. Todos os dedos da man compoñen a familia.
- **CARACOLAS SEN GLUTEN.** De novo a nosa amiga Sofía nos fai unha receita de cociña apta para todo o mundo e que invita a facela nas nosas casas.
- **VIDEO DE COCORICO.** A profe conta este conto tan atractivo e acompaña ca canción de Picoti, picotá ...Estamos seguros que cando os ne@s o miraron estiveron moi atentos.
- **VIDEO CANCIÓN “ ZAPATERO REMENDON”.** Esta canción que cantamos moitas veces na escola gústalle moito ós nen@s e tratan todos de imitar os xestos.
- **CONTO DE “ BOAS NOITES”.** Este conto interactivo representa as accións que fai osiño pola noite antes de ir a durmir. Cando estamos na clase os nen@s participan nas diferentes secuencias do conto.
- **FACEMOS PLASTILINA CASEIRA.** Con moi poucos ingredientes que temos nas nosas casas facemos actividade para que todos poidan investigar mesturando e amasando. Esta era unha actividade que tiñamos programada para realizar na escola pero como non é posible podemos facela na casa. Con fariña, sal, auga, aceite e colorante podemos entreternos un bo rato.
- **VIDEO “DIA DA FAMILIA”** Na nosa escola tiñamos pensado celebrar o Día da Familia. Este ano non é posible, así que pensamos en mandarvos un vídeo feito por todo o persoal da Escola. Cada profe fixo un cartel cunha palabra relacionada co tema da familia e acompañamos a canción “**Quérote mais**”. Esperamos que vos gustara.

- **CONTO “CUCU TRAS”**. Un conto que invita a estar moi atento para saber que animal da selva se agacha alí. Ademais de ir mostrando os animais a profe describe algunha das súas características.
- **CANCIÓN “PAPA OSO E OSIÑO”**. A profe canta a canción acompañada da música e os peluches de Papá Oso e Osiño.
- **CANCIÓN E BAILE “ESTO BAILASE ASÍ”** Todas as profes de 1-2 anos desde as nosas casas facemos este baile..
- **CONTO “ES TÍ A MIÑA MAMÁ”** Este é o conto preferido da clase de 1-2 B. Por iso o contamos para recordar cando o contabamos todos xuntos. O canciño busca a súa mamá e vaille preguntando a todos os animais que atopa. Ademais de entreternos imos aprendendo os nomes dos animais máis comúns e as súas crías.
- **CANCIÓN “O GALO CANTA”**. A profe canta a canción acompañada ca música do piano e unhas preciosas fotos dos animais.
- **VIDEO “COOKIES AO MICROONDAS”** A nosa cociñeira Sueli fíxonos unhas ricas galletas no micro. Como podedes ver todo o persoal da escola se acordou dos nosos nen@s e tamén das familias nestes momentos tan atípicos para todos.

XUÑO

Aquí seguimos un mes máis sen poder vernos na escola. Na programación do mes tiñamos previsto facer moitas cousiñas relacionadas co verán, cas vacacións, xogar ca auga, ir de excursión en autobús ... pero todo iso ten que quedar para o próximo curso.

- **CONTO “OS ANIMAIS DA GRANXA”** Este conto dos animais máis coñecidos contado pola profe ca canción de Vexo Vexo e logo cas cancións que coñecemos todos de cada animal que se ve no conto. Ten unhas fotos moi bonitas e resulta moi atractivo.
- **CONTO “¿UN RATO?”**. Este conto do rato Mariano vai mostrando diferentes animais que vai atopando polo campo e cantando ata que aparece o elefante Trompita.
- **VIDEO DE COCIÑA “COOKIES”**. De novo a compi Sofía nos prepara unhas ricas cookies. Son unhas ricas galletas con perliñas de chocolate. Un bo almorzo ou merenda. Se alguén as preparou seguro que lle saíron riquísimas.
- **CONTO “O LIBRO DOS ABRAZOS”** . Neste momento en que non podemos vernos directamente nin abrazarnos contamos este conto para recordar que seguimos necesitándonos e ó mesmo tempo observamos como os animais, a súa maneira, tamén se abrazan.
- **VIDEO “SAÚDO OS NEN@S DE 1-2 ANOS.”** As profes de 1-2 tiñamos gañas de saudar a cada nen@ de maneira individual. Pareceunos que lles podería chamar a atención e gustar que nos dirixiramos a cada conversando un ratiño.
- **“XOGO SEÑOR POTATO”**. Por medio deste boneco tratamos de recordar as partes da cara e imos colocar cada unha no lugar que lle corresponde. Ademais cantamos a canción de “Este olliño pimpilín....”
- **CONTO “MASCOTAS AMIGAS”**. Neste conto tratase de adiviñar que animal é despois de describir algunha característica sinxela. Ten unhas imaxes moi bonitas. Seguro que a todos lles encantou.
- **VIDEO DESPEDIDA**. Xuntámonos todas e despedímonos desexándovos unhas boas vacacións. Ata setembro.

CLASES 2-3-ANOS

INTRODUCCIÓN

Este curso foi especialmente triste debido á aparición nas nosas vidas do COVID-19. Como todos sabemos, a nosa actividade presencial cos nenos e nenas viuse interrompida o venres

13 de marzo. Unha vez que nos decatamos que ían ser máis de 15 días de confinamento, todo o persoal da escola puxémonos mans á obra desde as nosas casas para enviarlle aos nenos e familias vídeos de ánimo con contos, cancións, receitas...e así poder seguir presentes nas vidas dos nosos pequechos.

A continuación pasamos a detallar as actividades que levamos a cabo ao longo do primeiro e segundo trimestre cos nenos e nenas de 2 a 3, e tamén detallaremos os vídeos de contos e cancións enviados no confinamento.

Neste curso tiñamos matriculados 53 nenos e nenas nos grupos de 2 a 3. De estes 53, soamente tiñan xornada partida unha nena, e media xornada de tarde un neno. O resto dos nenos e nenas tiñan ou xornadas completas de mañá ou medias xornadas de mañá. Soamente merendaban na escola 7 nenos, un deles merendaba na escola un día á semana. A partires das 18horas soamente quedaba unha nena de 2 a 3.

PRIMEIRO TRIMESTRE

SETEMBRO- PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Setembro foi un mes relativamente tranquilo posto que en cada aula se incorporaron soamente catro nenos. A súa adaptación foi progresiva, empezando por media hora de asistencia a primeira semana e unha hora durante a segunda semana. Na terceira fomos ampliando os horarios de cada neno e nena de forma individual en función de como estaban na escola. Todos remataron o mes de setembro facendo o seu horario practicamente completo.

Recibimos con moita ledicia e tenrura a cada un dos nenos e nenas novos (obviamente recibimos así a todos e cada un dos nenos da escola, pero aos que veñen por primeira vez, prestámoslles unha atención especial). O primeiro día, os nenos entraron na aula xunto aos seus papás e mamás. Puideron estar con eles un ratiño vendo a clase e falando coas profes, e despois os deixaron xogando coas profes e cos xoguetes. Os pais e nais puideron entrar nas aulas durante dúas semanas tanto para traelos como para levalos para casa. Na terceira semana soamente puideron entrar ao inicio da xornada escolar, xa llos entregaron na porta da escola as compañeiras de servizos xerais. Na última semana do mes os pais e nais xa non entraron nas aulas, xa os nenos e nenas entraban acompañados das compañeiras de servizos xerais como farían ao longo de todo o curso escolar.

As actividades que realizamos con eles foron as seguintes:

Recibilos con ledicia e tenrura, chamándoos polo seu nome e presentándonos cun sorriso .

Ensinámoslles xoguetes para que elixan con cal queren xogar.

Presentamos aos outros compañeiros que xa nos coñecen de anos anteriores na escola. Os "veteranos" reciben aos nenos e nenas novos dándolles un bico ou unha caricia (esto é voluntario, obviamente).

Cada día intentamos que sexan máis independentes de nós, as profes. Pero sempre respectando a cada neno e nena, hainos moi independentes e moi inseguros e dependentes.

Imos introducindo rutinas como o saúdo, a hora da galleta e do auga, o recreo...

A medida que o seu horario aumenta, imos realizando máis actividades como son pintar con ceras, escoitar todos xuntos o relato dun conto, facer puzzles, xogar cos distintos xoguetes que hai na escola, aprendemos cancións acompañadas de xestos, deixamos que as profes nos cambien o cueiro....

Na terceira semana comenzaron a comer na escola os nenos novos que xa estaban tranquilos. Solo houbo un caso no que lle custou moito adaptarse e os pais decidiron reducirlle o horario excluíndoo tamén do comedor.

Realizamos a nosa primeira MANUALIDADE: un PAI-PAI que leva a man de cada neno e nena estampada en pintura de dedos. Os nenos novos non mostraron resistencia a realizar dita actividade, deixáronse levar vendo como o facían os outros compañeiros.

Coñecemos os nomes dos nosos compañeiros e das educadoras realizando xogos

específicos para eso: sentados no chan formando un círculo van lanzando a pelota ao neno que lle diga a mestra; daranlle un bico e/ou unha aperta ao neno que lle indica a mestra...Os neno e nenas que empezaron este curso foron os máis tímidos para dar bicos e apertas, pero co ánimo de todos participaron e o pasaron moi ben.

A finais de setembro, fixemos entre todos os nenos e nenas de 2 a 3 acios de uvas para decorar a entrada da escola no mes de outubro. Pintamos papeis de xornal coas nosas mans, con pinces e témpera morada. Cando secaron, engurrámoslos facendo bolas (uvas). Tamén estampamos as mans molladas en pintura de dedos verde para facer as follas dos acios. Quedounos unha entrada outoñal moi bonita.

OUTUBRO E NOVEMBRO

Comenzamos este mes con practicamente todos os nenos e nenas adaptados á escola, soamente hai unha nena que aínda o leva mal e non fai o seu horario completo.

As actividades que levamos a cabo este mes están centradas no coñecemento das características do outono. Vemos a continuación as máis destacables entre todas as que fixemos:

Cada día, ó inicio da clase, celebrabamos a nosa **ASEMBLEA** na que falabamos das actividades que íamos levar a cabo ese día, compartimos as nosas emocións, falabamos de si estabamos contentos ou tristes, contabamos si fixéramos algunha cousa interesante o día anterior na casa...Ao principio custou bastante que os nenos e nenas estiveran sentadiños no chan centrando a atención no que estabamos falando. Tamén foi difícil que participasen contando o que fixeran o día anterior...A conversa era dirixida polas educadoras e mestra e eles contestaban con monosílabos. Costa moito estar calado e escoitar con atención a estas idades, sobre todo si temos ao noso carón amiguiños para xogar con eles Pero como foi algo no que insistiamos cada día, e os nenos e nenas sabían o que viña a continuación, pouco a pouco fóronse acostumando.

Na Asemblea tamén realizabamos un **CALENDARIO CLIMATOLÓXICO**. Cada día observabamos o tempo que facía e poñíamos o seu debuxo (sol, choiva, vento...) no día da semana correspondente. Aproveitabamos para nomear os días da semana e falabamos da roupa ou calzado específico que se necesitaba si chovía moito ou si facía moito frío. Fomos aprendendo pouco a pouco cancións relativas ao tempo. Cantábase as seguintes:

“Chove, chove”, “La lluvia a mi campo le sienta muy bien”...cando chovía.

”O Sol está escondido”...cando hai nubes.

“Sol, solíño”...cando quenta o Sol.

”CHOVE, CHOVE”

Chove, chove na casa do pobre neva, neva, na casa de Lela	ambas mans soben e baixan movendo os dedos. facemos un redondo cos dedos pulgar e índice de ambas mans, e soben e baixan de forma alterna.
pinga, pinga, na casa de Dominga trona que trona na casa de Ramona	as mans golpean as pernas golpes cos pes no chan

“O SOL ESTÁ ESCONDIDO”

O sol está escondido non quere saír	Tapamos a cara coas mans tapamos a cara cunha man e coa outra facemos signo de Non
--	--

detrás das nubes púxose a durmir	sinlamos cos polgares por encima dos nosos ombros e facemos xesto de dormir
----------------------------------	---

“SOL, SOLIÑO”

Sal sol soliño facemos un redondo no aire co dedo indice.
quéntame un pouquiño “
hoxe e mañá “
e toda a semana “

Cada día antes de poñernos a “traballar”, pasaremos lista dos nenos e nenas que asistiron á clase. O que non fixemos foi poñer cada un dos asistentes a clase a súa foto no debuxo da escola, simplemente nomeábase a todos para ver quen faltaba. Iniciámonos no hábito de saber esperar cada un a súa quenda, respectando aos compañeiros e compañeiras.

Comezamos a levar para casa a nosa MASCOTA O CANCIÑO **COCO**. Todos os mércores e venres, Coco ía de visita á casa de cada neno da clase para compartir xogos e experiencias xuntos fora da escola. A todos e cada un lles facía moita ulisión levar a Coco para a súa casa. Decoramos as aulas con debuxos relativos ao outono.

Celebraremos a **VENDIMA**. Preparamos a aula de forma que pareza que nos medraron os acios de uvas na clase. Recollémolas nun barreño e animamos aos nenos a pisalas descalzos. Aproveitamos para explicar o proceso para facer o viño e para ollar, ulir, saborear, esmagar, coller os acios con suavidade notando o seu peso, quitamos as uvas unha a unha...

Resulta unha actividade laboriosa posto que temos que preparar a aula, descalzar a todos os nenos e nenas e despois lavarlles os pes e volvelos a calzar...pero vale a pena o traballo posto que lles gusta moito a experiencia. Na clase C, utilizaron a mesa de auga para poder desfacer os acios e xogar coas uvas a aplastalas, a metelas en vasiños....

Debullamos **MILLO** e xogamos cos **CARZOS** despois de debullalos. Fixemos torres e construcións con eles. Co millo xogamos a encher e baleirar vasos e tamén o pegamos en rolos de papel hixiénico para facer mazorcas e decorar a entrada da escola.

Participamos na **FESTA DO MAGOSTO**. Saboreamos castañas cocidas e remataremos cun animado baile no patio grande da escola. Xogamos co confeti e tamén xogamos a roda-roda, que nos gusta moito.

Realizamos unha **RECEITA DE OUTONO**: Biscoito con mazá. Cada clase fixo o seu propio biscoito. Disfrutamos un montón botando os ingredientes entre todos pero esperando a nosa quenda...cada vez cústanos menos. O biscoito comémolo entre todos os nenos de cada clase, estaban moi ricos.

RECEITA DE BISCOITO DE MAZÁ

Ingredientes:

3 ovos

1 iogur natural

1 sobre de levadura

1 vaso aceite oliva.

3 vasos de fariña

1 vaso e medio de azucre.

2 mazás

Pelamos as mazás e picámolas en anaquiños pequeniños e reservamos mentres mesturamos nun bol o resto dos ingredientes. Unha vez teñamos todos os ingredientes mesturados, incluída a mazá, vertémolos nun molde que xa tñamos preparado con manteiga e fariña para que non se pegue o biscoito, e introducímolo no forno que xa tñamos quente a 180- durante 40 minutos.

Manipulamos e ollamos produtos típicos do outono aportados polas familias: cabazas, castañas, ourizos, follas ...

Ampliaremos o noso **VOCABULARIO** relativo ao **OUTONO** e os seus froitos e características: chove, frío, follas secas, castaña, cabazas, noces...

Non puidemos realizar a nosa primeira **EXCURSIÓN** deste curso debido ao mal tempo. Íamos

ir ó **PAZO DA PEREGRINA** a recoller follas secas para despois na aula xogar con elas a rachalas coas mans, a pisalas escoitando como cruxen... Foi unha pena, pero con chuvia non podemos organizar unha excursión como esa que se desenvolve completamente no exterior. A semana do 28 ao 31 de outubro adicámola a falar do **SAMAÍN** e a manipular cabazas de distintos tamaños e formas. Cada aula decorou a súa cabaza poñéndolle as partes da cara, sombreiros...e tamén baleiramos unha para ver como era por dentro. Os nenos e nenas, como de costume, participaron activamente e tamén disfrutaron moito vendo todas as cabazas decoradas aportadas polas familias. Con elas decoramos a entrada da escola durante toda a semana. Temos que agradecer ás familias a súa gran participación na decoración das cabazas. Son todos uns artistas!!!

Ao longo desa semana tamén aproveitamos para disfrazar aos nenos e nenas de cabazas, bruxas e vampiros e así imos introducindo na temática do Samaín.

O xoves 31, celebramos o Samaín por todo o alto. A primeira parte da festa foi na aula de 2-3C. Alí colocamos a todos os nenos e nenas de 2 a 3 sentadiños en roda pegados ás paredes. No centro puxemos cabazas con velas dentro. Escurecemos a clase coas cortinas e apagamos as luces. Escoitamos cancións de Samaín e bailamos collidos das mans. Os nenos e nenas que quixeron tamén se disfrazaron de pantasmas, bruxas...

A segunda parte da festa foi na aula de 2-3B. Alí lles contamos o conto "CORRE, CORRE CABACIÑA" axudadas dun guiñol e de monicreques. Foi un día moi especial no que tanto profes como cativos o pasamos fenomenal.

Fixemos a **MANUALIDADE DE OUTONO: ANIMAIS DO BOSQUE**. Realizamos distintos animais utilizando como soporte pratos de cartón aportados polas familias. Os nenos pintáronos con pinturas de dedos e as profes acabamos de darlle a forma. Os animais que fixeron foron: raposo, ourizo, cogomelo e moucho. Tamén pintaron papel continuo de marrón e fixemos follas de outono.

Como non puidemos facer a excursión para recoller follas secas e ver nos xardíns do Pazo da Peregrina o esplendor do outono, decidimos realizar unha actividade que non estaba na programación: **A FESTA DO OUTONO**. Decoramos todo o patio da escola coas manualidades de outono e con música de fondo saboreamos froitas típicas de outono como son o caqui, kiwi, uvas, mandarinas e granada. Despois da comilona, os nenos e nenas sentáronse para ver a representación do conto "AS FOLLAS" feito polas educadoras e mestra.

Falamos da **RECICLAXE** de plástico, intentando facerlles entender que se poden neutralizar para outras actividades en lugar de tiralos ao lixo. Fixemos maceteiros coas botellas de plástico e nelas plantamos os bulbos de diferentes flores aportadas polas familias. Con estas macetas tan especiais, decoramos o patio exterior da escola.

Coñecemos as instalacións da **ESCOLA**. Falamos de como é a nosa escola, das dependencias que ten e do que se fai nelas; e despois fomos de visita por cada unha delas (sala de ordenadores, cociña, clases de bebés, clases de 1 a 2 e clases de 2 a 3). Os nenos e nenas foron máis conscientes de que eran o mais maiores da escola, e tamén de que había máis nenos e nenas dos que eles crían. O que máis lles gustou foi ir á oficina posto que puideron xogar a dar voltas na cadeira de Emilia e ademais foron para clase todos contentos a saborear os gusanitos que Emilia lles regalou por haberse portado tan ben.

Observamos a nosa clase e xogamos a atopar os xoguetes que nos manden as educadoras.

Realizamos diversas actividades para introducirmos nos conceptos de tamaño **GRANDE/PEQUENO**:

*Estirámonos moito cos brazos cara arriba como se fósemos xigantes, e despois encollémonos todo o que poidamos para facernos pequenos, como si fósemos ananiños.

*Fixemos torres grandes e pequenas coas construcións, coas fichas de madeira, cos rulos de cartón duro...

*Xogamos con pelotas grandes e pequenas.

*Xogamos con aros grandes e pequenos: fixémoslos rodar, metímonos dentro sentados no chan, xogamos a clasificalos en función do seu tamaño... puxemos nun lado da clase un aro pequeno e no outro lado puxemos un aro grande. Cada neno colocaba o seu aro xunto ao que era do mesmo tamaño.

Experimentamos diferentes técnicas plásticas: con pintura de dedos estampamos as mans,

reenchemos debuxos, fixemos garabatos, engurramos papel de seda, pegamos anacos de papel reenchendo un debuxo...

Como actividades previas á realización do **GARABATEO** realizamos as seguintes actividades:

*Colocamos aos nenos de pé repartidos pola clase separados uns dos outros para que poidan mover os brazos sen molestarse. Dixémoslles que somos pintores e que imos facer un sol moi grande. Puxemos música e seguindo o ritmo, realizamos movementos amplos, con todo o corpo e cos dous brazos cara a un lado, cara ao outro, cara arriba, cara abaixo...Ao principio cun só brazo, despois co outro...

*Colocamos varios anacos de papel continuo no chan para que todos os nenos tiveran espazo para debuxar. Démoslles ceras grosas e pedímoslles que nos pintaran un bonito cadro.

*Realizamos trazos libremente no encerado ou nun papel continuo colocado na parede con esponxas, pinceis ou roletes, impregnados en auga ou en pintura de dedos.

Escoitamos varios contos cada día. En xeral, encántanlle a todos e están moi atentos. Aínda que sempre hai nenos e nenas máis dispersos que non conseguen centrar a atención e non paran de falar e entorpecer o relato, distraendo aos demais.

Miramos contos nas mesas intentando non rompelos. É unha misión complicada ter contos con follas de papel fino e pedir que non os rachen. Entre que non controlan a forza para pasar as follas e que igual non lles atraen os debuxos pois a mellor diversión é rachar as follas. Aínda así hai nenos e nenas que xa disfrutaban pasando as follas e ollando os contos ao seu ritmo.

Escoitamos pezas de música clásica e intentamos relaxarnos con elas.

Aprendemos cancións infantís. As que máis lles gustaron foron: La lechuza, El caballito trotón, Apa el indiecito, As vogais...

Explicamos a relación entre as pezas de vestir e o tempo: si chove poñemos chubasqueiro, cando vai frío hai que poñer o abrigo...Ollamos as cazadoras que traen da casa, facémoslos conscientes de que xa non veñen en pantalón curto, nin en sandalias...Ollamos fotografías de prendas de vestir para aprender o seu nome e de paso repasamos as partes do corpo dicindo onde se poñen ditas prendas.

Dialogamos sobre as actividades que normalmente fan os nenos e as nenas sós e sobre aquelas que precisan axuda. Animámoslos a pedir axuda cando o precisen pero tamén a que intenten facer cousas novas eles soíños, que aínda que lle sexan difíciles poden conseguir facelas coa práctica. Por exemplo, sacar e poñer os pantalóns, calcetíns e zapatos....

Identificamos a **COR AMARELA**. Ensinámoslles obxectos amarelos e repetimos o nome da cor en cada obxecto. Pintamos con témperas amarelas nun folio.

Cada neno e nena trouxeron da casa un xoguete desa cor para compartir cos compañeiros e crear o RECUNCHO DA COR AMARELA. O tema de compartir os "seus" xoguetes é complicado a estas idades. Os nenos da Clase A, que son os máis pequeniños do grupo, non o levaron nada ben, e como había moitas pelexas porque non llos querían deixar aos compañeiros as súas profes decidiron devolvelos para casa. Nas clases B e C tamén houbo algún conflito pero, a base de explicarlles a situación, entenderon perfectamente que así TODOS podían disfrutar de todos os xoguetes. Resultou unha experiencia moi educativa.

Pintamos unha caixa de cartón con pintura de dedos amarela e gardamos os xoguetes amarelos dentro.

Buscamos pola aula xoguetes e obxectos de cor amarela e gardámoslos nunha caixa.

Pintamos con ceras e témpera amarela en papel de embalar.

Pintamos con xiz amarela no encerado. Como non cabemos todos xuntos, aprendemos a respectar as quendas.

Comezamos a facer **O LIBRO DAS CORES**: Como non podía ser doutra forma comezamos pola cor AMARELA. Fixemos fichas nas que o protagonista era o amarelo: pintamos con ceras, xices e pintura de dedos amarelas, pegamos gomets amarelos, estampamos as mans molladas en pintura de dedos amarela...Desta forma, traballaremos ao longo de todo o curso as cores vermella, amarela, azul e verde e realizaremos fichas nas que experimentaremos coas cores mencionadas, utilizando diferentes técnicas plásticas.

Identificamos as nocións espaciais **ARRIBA/ABAIXO**. Fixemos xogos para identificar as situacións espaciais arriba e abaixo:

*colocamos os xoguetes arriba na mesa ou abaixo no chan,

*estirámonos para poñer as mans moi arriba e despois agachámonos para poñelas moi abaixo

*movéndonos polo espazo cun aro nas mans e ao ritmo do pandeiro, cando digamos “arriba” todos nos paramos e levantamos o aro. A continuación seguímonos movendo e á voz de “abaixo” todos colocaban o aro no chan e sentábanse nel. Estes xogos gústanlle moito a todos os nenos.

*ollamos os obxectos da aula dicindo si están arriba(luces, debuxos) ou abaixo (sillas, xoguetes...).

Xogamos a identificar e discriminar o **ruído** do **silencio**: escoitando música, falando todos á vez, facendo palmas....O silencio na aula era moi complicado conseguilo posto que sempre escoitábamos ás profes das clases do lado. Pero intentamos que foran conscientes de que non estaban escoitando o ruído producido por eles, si non o producido nas outras clases mentras na nosa non había nada de ruído. Había silencio.

Iniciámonos na **FORMA CIRCULAR**:

*Expresamos co corpo movementos circulares: por exemplo, debuxar círculos no aire co brazo. Sinalar unha parte do seu corpo que teña forma circular, por exemplo a cara. Experimentar con formas circulares: aros, pelotas...

*Levamos á aula distintas froitas (laranxa, mazá, plátano...) e deixámosllas ollar e manipular para que se deran conta das distintas formas que teñen. Picamos o plátano en rodaxas e comémolo na aula.

*Debuxamos un redondo en papel continuo e pegámolo á parede. Cada neno repasou a súa forma co dedo, e despois engurraron papel de seda amarelo e pegáronllo dentro facendo unha galleta moi chula.

*Pegaron gomets redondos amarelos dentro dun redondo amarelo.

Xogamos a diferenciar as principais **PARTES DA CARA**. Identificámolas en nós mesmos, nos nosos compañeiros, mirándonos no espello...

Aprenderon a retahíla “Mi carita es redondita”

Mi carita es redondita	co dedo índice facemos o redondo da nosa cara
tiene ojos y nariz	sinalamos ollos e nariz
y también una boquita	sinalamos a boca
para cantar y reir, jajaja	facemos que rimos

Xogamos a poñer caras de risa e de tristura...intentamos identificar a cara que van poñendo os compañeiros en función do que lle mande a profe.

Xogamos a identificar os órganos dos sentidos e as súas funcións. Sentamos aos nenos en circulo e realizámoslles preguntas do tipo:¿Quen ten ollos? Se os tapamos non vemos nada (todos os tapan), ¿Quen ten orellas? Se as tapamos non escoitamos nada (todos tapan as orellas), ¿quén ten boca? Se a tapamos non podemos falar, non podemos comer, non podemos cantar...Xogamos a non abrila nun ratiño....

Ensinamos fotografías das accións rir e chorar, e representamos coa cara o que indica cada unha.

Realizamos o mural da alegría e o mural da tristeza. Falamos sobre as cousas que nos poñen contentos ou tristes...

Celebramos os **ANIVERSARIOS** o mesmo día do seu aniversario. Para elo temos preparada unha tarta artificial na que os nenos e nenas poderán soprar as velas cantando “parabéns para ti...” O neno ou nena festexado levará para a súa casa de recordo unha tarxeta coa foto da celebración e un gorriño de can, en honor a Coco, coloreado por eles mesmos.

Xogamos nas mesas con pasta de modelar amarela, con puzzles, pintamos folios, ollamos contos...

Na clase xogamos cos coches, coas comidiñas e a cociña, cos bonecos... O xogo simbólico é un dos que máis lles gusta a todos.

Realizamos xogos para aprender a saudar cando chegamos á escola e a despedirnos cando marchamos.

Intentamos facer sesións de psicomotricidade na aula ou no patio unha vez por semana.

*As profes realizamos movementos co noso corpo e os nenos tiñan que imitarnos, por exemplo, levantar os brazos mostrando as palmas das mans, levantamos os brazos e xiramos

as mans desde as bonecas, dar palmas rápido e lento alternativamente, dar palmas que non soen, agarrar os pes coas as mans, subir e baixar os ombros, xuntar e separar as rodillas, xuntar e separar os pes.

*Bailamos libremente ao son da música e cando esta pare todos debían permañecer quietos como estatuas...as risas facían que se moveran. Aínda que sempre había nenos que non eran capaces que permanecer súper quietos.

*Démoslle un aro a cada neno e deixamos que experimentaran libremente con él durante un tempo. Despois dábamos instrucións do tipo: atravesar o aro pasando por dentro, dar voltas co aro, levantar o aro por encima da cabeza, camiñar empuxando o aro, camiñar co aro diante, camiñar co aro detrás...

*Subir a ladrillos e saltar cos dous pes, saltar desde o derradeiro peldaño dunha escaleira cos dous pes xuntos.

*Xogamos con globos intentando que non toquen o chan.

Como **MANUALIDADE** fixemos un **PARAUGAS** para cada neno e nena que expuxemos na entrada da escola. Os nenos pintaron folios con rotuladores de diferentes cores. As profes plegamos os papeis e con axuda de palliñas creamos os paraugas. Quedaron moi simpáticos. Iniciámonos no **IOGA** intentando imitar os debuxos dos libros “Bos días loga” e “Boas noites loga”. Fomos pouco a pouco intentando animalos a ir mellorando as súas posturas e tamén lles fixemos ver a importancia de respirar de forma consciente. Esta actividade gustoulles moito, en xeral estaban moi atentos e todos querían que os axudáramos a facer ben as posturas. Rematábamnos a sesión relaxándonos tumbadiños no chan. Apagábamnos as luces e falá bamos moi baixiño, insistindo en que inspiraran e expiraran moi amodiño.

Os nenos da **AULA C** tiveron este trimestre unha actividade moi especial. Participarán ao longo de 6 semanas no **TALLER DE EDUCACIÓN EMOCIONAL** asistido con animais impartido pola asociación **BOCALÁN**.

*As sesións tiñan unha duración de 45 minutos e eran todos os martes. Os nenos repartíronse en dous grupos de 8 participantes cada un. Mentras un grupo asistía ao taller o outro grupo realizaba actividades na aula coas educadoras. Soamente houbo un neno que non participou no taller por decisión dos pais. Todos os nenos e nenas estaban moi atentos e disfrutaron deses momentos de complicidade e cercanía cos cans.

*Aproveitamos para traballar as emocións vendo os contos do **MONSTRO DAS CORES**. Na aula realizaron actividades relacionadas coa identificación das distintas emocións. Cada neno puido colorear o monstro que mais lle gustaba e levalo para a súa casa. Tamén destacaron a característica que define a cada monstro....

Os nenos da **AULA B** foron de visita ao **CENTRO DE DÍA DE BERTAMIRÁNS, “MAS VIVIR”** Alí compartimos un ratiño do noso tempo cos avoíños e pasámolo xenial todos xuntos. Os nenos estaban emocionados por ir a visitar aos avós e avoas. Alí recibíronos con moita ledicia e invitáronos a merendar. Tamén xogamos con algúns xoguetes dos avós e invitámoslos a bailar á “Roda-Roda”. Levámoslles un agasallo feito polos nenos para decorar o seu salón: un avó e unha avoa de cartolina que os cativos pintaron con pinturas de dedos. Foi unha experiencia moi entrañable que tanto aos nenos como aos adultos nos fixo moita ilusión relizar.

DECEMBRO

Asemblea: saúdo o empezar, miramos o tempo, cambiamos as fotos dos asistentes para o mural da escola e saudamos a COCO. Falamos das actividades que imos realizar...

Fomos asumindo novas responsabilidades: cada día un neno axudaba a repartir as galletas, os crebacabezas, as pinturas...practicamente todos querían ser os axudantes das profes.

Dende **BOCALÁN** propuxéronnos colaborar con eles realizando **POSTAIS DE NADAL** cos nenos que irán dirixidas a amigos invisibles que tamén colaboran e participan dos seus talleres. Cada neno e nena colorearon os canciños que viñan debuxados na portada das postais e no interior estamparon a súa man en dúas clases e o pé noutra. Quedaron moi bonitas. Días despois, cada neno e cada nena recibiron outra postal para eles decorada polo seu amiguiño invisible.

O longo do mes de decembro a escola e as aulas decoráronse con motivos de Nadal. A nosa

tarefa principal durante este mes foi preparar a nosa actuación para o **FESTIVAL DE NADAL**. Cada día despois do recreo ensaiábamnos a nosa panxoliña no patio grande da escola con todos os nenos e nenas de 2 a 3.

A panxoliña escollida foi “A festa do Belén” de Lucía Pérez. Todos os nenos e nenas e as profes fomos vestidos igual: vaqueiros, tenis e camiseta branca cunha estrela dourada de goma eva (feita polos pais e nais dos cativos). Para introducir a panxoliña, contamos unha pequena historia na que participaron tres nenos de 1 a 2 e dous bebés. Eles levaban unha camiseta vermella e pantalón vaqueiro.

A historia comeza con tres nenas de 2-3 que levan na man globos de helio en forma de estrelas... Nunha noite de Nadal, tres estrelas ían soíñas polo ceo, (*saen Celia, Leyre e Lola e sitúanse no centro do escenario*). E de súpeto prodúxose unha choiva de estrelas (*as tres nenas danlle os globos aos nenos de 1-2 e elas reúnense cos compañeiros que xa están colocados no escenario*) e todas xuntas celebraron a chegada do Nadal.

Houbo moi pouquiños nenos e nenas que choraron e non quixeron representar a panxoliña. A verdade é que o fixeron xenial, bailando e movéndose cos xestos aprendidos na escola. Quedou unha panxoliña moi fermosa chea de estrelliñas de nadal.

As profes representamos o conto “Que ven o Lobo!”, cunha pequena adaptación do texto para poder facer referencia ao Nadal, e ao finalizar o conto, bailaron unha canción navideña.

Algúns pais e nais dos nenos e nenas de 2-3 tamén quixeron participar cun baile moi bonito da panxoliña “Volver a casa por Nadal”.

O mércores 18 de decembro visitounos o **APALPADOR**. Falounos de que é moi importante que nos alimentemos ben e que coidemos da natureza. Cantounos cancións, bailamos, montamos no seu burro de madeira e pasámolo xenial con el.

Fixemos “**GALLETAS DE NADAL**”.

Ingredientes:

*125ml de nata líquida.

*700gr de fariña

*1 vaso de azucre

*1 vaso de aceite.

*perlas de chocolate.

Imos engadindo un a un cada ingrediente ata conseguir unha masa que poidamos estirar co rodete. Todos os cativos participaron engadindo os ingredientes, e despois cada un estirou o seu anaquiño de masa coa axuda do rodete. Despois, con siluetas de Nadal foron dándolle forma e decoráronas coas pepitas de chocolate. Levámolas ao forno, que xa tiñamos quente a 180 graos e en 30 minutos xa tiñamos as galletas feitas. Como fixemos moita cantidade, comemos algunhas na escola e mandamos a proba para as casas dos cativos.

Realizamos a **MANUALIDADE DE NADAL**. Fixemos un **Adorno para a Árbore de Nadal**: unha cariña de boneco de neve a partires dun redondo de cartón. Os pequenos pintárona con pintura de dedos branca e despois as profes colocámoslle os detalles máis pequeniños para formar a cariña do boneco. Quedou moi simpático.

Fixemos a carta para os Reis Magos pegando en folios de cores xoguetes que escolleron os nenos e nenas nos catálogos de xoguetes. O día 27 de decembro fomos de excursión a **CORREOS** para asegurarnos de que llas ían mandar aos reis magos.

Como estábamos en plenas datas navideñas, moitos nenos e nenas estaban de vacacións, co cal dos 53 nenos que temos matriculados, viñeron de excursión un total de 24. Aínda así, os que participaron nesta actividade, pasárono en grande. En correos deixáronlle pasear o carro co que reparten o correo pola rúa, puideron cuñar as cartas para os Reis e metelas nun buzón feito especialmente para a ocasión, puideron probar o casco da moto do carteiro, metéronse dentro das estanterías da oficina...e de premio cada neno trouxo un agasallo: un caderno para que fagan debuxos e caramelos.

Continuamos coas rutinas diarias. Tomamos galleta e auga antes de saír ó patio, cambiamos os cueiros de quen o precise e os que xa non os usan, fan pis no baño, lavamos as mans antes de ir xantar, cepillamos os dentes despois de xantar...

Observamos a evolución do noso **HORTO** e regámolo cando sexa necesario.

Escoitamos atentamente os contos que nos contan as profes. Hai nenos e nenas aínda coa

atención moi dispersa, que se distraen continuamente e tamén distraen ao resto da clase. Pero son unha minoría, por sorte. En xeral todos disfrutan dos relatos dos contos e ata en moitas ocasións, queren que lles contemos os contos de dous en dous.

Animamos aos nenos a que nos conten todo o que eles queiran, facémoslles preguntas e felicitámoslos polo ben que falan, facendo que se sintan orgullosos e seguros para ir aumentando o seu vocabulario.

Xogamos a facer **SONS co noso CORPO**: aplaudir (moi suave, normal, e forte), chocar mans nas pernas (suave, normal e forte), bater os pes no chan (suave, normal e forte), darse copiños no peito, darse cos dedos nos mofletes cheos de aire, dar coa man na boca dicindo “aaaaa”...

Ampliamos o noso **VOCABULARIO** referente a **ALIMENTACIÓN**: utensilios para comer, tipos de alimentos habituais na nosa dieta, tempos de comida (almorzo, comida, merenda e cea). Falamos cos nenos da importancia de estar ben alimentados, de que temos que comer froitas, verduras, peixe... para estar sans e non enfermarmos... Ollamos fotos de alimentos, dicimos os seus nomes e repartímolos entre os nenos e despois eles teñen que estar atentos e entregarnos o alimento que pidamos. Aproveitamos para mirar diariamente o menú da escola antes da hora de xantar e buscalo nas fotografías que temos gardadas. Tamén aprendemos a colocar os pratos das comidiñas na mesa cos cubertos e xogamos a que preparamos comidas e invitamos aos amigos a xantar...

Dialogamos sobre a importancia que ten lavar e secar as mans antes e despois das comidas ou de calquera outra actividade que o requira.

Ensinamos a lavar e a secar as mans no cuarto de baño da clase. Intentamos que aprendan a subir as mangas para non mollalas, pero para iso sempre nos piden axuda porque é algo que todavía lles costa realizar. Deben acostumarse a non malgastar a auga e aprender a respectar a quenda mentres están a lavar outros nenos.

Xogamos a secarlle as mans ós compañeiros, e expresamos coas caras como nos sentimos cando os demais nos axudan (tristes ou contentos).

Facemos distintos xogos para identificar a **COR VERMELLA**: buscamos obxectos desa cor por toda a clase e nomeámoslos, xogamos cun saquiño a quitar del obxectos vermellos dicindo a súa cor e o seu nome. Sempre tiñamos no medio un obxecto doutra cor diferente para que puidesen diferenciar as cores.

Continuamos traballando a **FORMA CIRCULAR**:

*Expresamos co corpo movementos circulares, debuxamos co brazo círculos no aire; deixamos que experimenten con formas circulares, como por exemplo aros, pelotas, construcións...

*Nomeamos cousas da aula que teñan forma circular.

*Xogamos a buscar formas circulares cos bloques lóxicos e apartaremos os que son de cor amarela...

*Xogamos con pelotas. Lanzámolas dándolles unha patada e observamos como se despraza. Lanzámola coas mans ao compañeiro que temos sentado enfrente nosa...

*Xogamos con aros. Metémonos dentro, intentamos facelos rodar, repasamos a súa forma pasándolle a man por encima...

Manipulamos **PASTA DE MODELAR** de cor vermella: aplastámola, faremos boliñas, vermes, amasámola... Utilizamos coitelos para cortala, rodetes e siluetas... Moitos nenos e nenas aínda precisan axuda para pasar o rodete e aplastar ben a pasta, pero como esta actividade lles encanta, pelexan para conseguir manipulala e moldeala como eles queren.

Continuamos realizando láminas para o **LIBRO DAS CORES**. Este mes fixemos láminas coa cor vermella. Aos nenos encántalles pintar coas mans molladas en pintura de dedos, en xeral non lles da “grima” mollarse de pintura. Tamén pintaron con rotuladores vermellos, con xices, pegaron papeis vermellos...

Realizamos diversas actividades previas ao **GARABATEO GUIADO**:

*Estendemos papel continuo polo chan e debuxamos un garaxe nun extremo. Repartimos coches para que cada neno se colocara nun lado e fixeran o percorrido para que o coche chegara ao garaxe.

*Realizamos un camiño ancho cunha tira de papel continuo e colocamos nun extremo un cuberto e no outro un prato. Os nenos n buscar o cuberto, percorrendo o camiño ata chegar ao

lugar onde está o prato.

*Debuxamos na parte superior esquerda do encerado unha culler e na parte inferior dereita un prato de sopa. Os nenos de un en un irán debuxando o camiño que ten que facer a culler para chegar ao prato.

Continuamos celebrando os **ANIVERSARIOS** dos nenos e nenas.

Continuamos coas sesións de **IOGA** nas que traballamos a respiración, o equilibrio, a flexibilidade...e aprendemos a relaxarnos escoitando música instrumental.

Escoitamos panxoliñas.

Temos sesións semanais de **PSICOMOTRICIDADE** na aula ou no patio. Nelas aproveitamos para correr, saltar, arrastrarnos, gataxar...Rematamos a sesión cunha breve relaxación..

SEGUNDO TRIMESTRE

XANEIRO E FEBREIRO

Todos os días realizamos a Asemblea a primeira hora da mañá: contamos como estamos, miramos pola fiestra o tempo que fai e poñemos o debuxo correspondente no día da semana que sexa, saudamos a Coco, falamos das cousas que ímos facer na clase...

Decoramos a clase con motivos invernaís, pingas de chuvia, copos de neve, nubes...

A **MANUALIDADE** foi **UN GORRO** de inverno. Cada clase de 2 a 3 decorou os sombreiros dunha forma parecida, pero diferente ao mesmo tempo. Os nenos pintaron con ceras, pegaron gomets, pegaron anaquiños de lá, pintaron blondas de magdalenas que puxeron a modo de pompón...Unha vez rematados todos os gorros, colgámolos en tendais na entrada da escola. Pasados uns días, cada neno levou o seu gorro para a súa casa.

Facemos xogos para identificar as partes do noso corpo e as dos compañeiros.

Observaremos láminas e contestaremos ás preguntas que nos fan as mestras. Intentaremos respectar as quendas para poder falar dun en un.

Traballamos as cores amarela e vermella facendo diversas actividades: pegamos gomets e papeis desas cores, pintamos con témperas, identificándoa en debuxos, fixemos caixas recollido... e realizamos as fichas oportunas para o **LIBRO DAS CORES**. Tamén fixemos xogos de clasificación de pezas de construción en función da súa cor...

Creamos o **RECUNCHO DA COR VERMELLA** cos xoguetes desa cor que cada neno e cada nena trae da súa casa. De igual forma que pasou cos amarelos, os nenos deben aprender a compartir cos compañeiros de clase, a coidar os xoguetes dos demais para non rompelos...As profes dos nenos da clase A decidiron non pedirlos nesta ocasión debido a mala experiencia que tiveron cos de cor amarelo. Os xoguetes devolvémolos a finais de xaneiro.

Pintamos con ceras, cos dedos, con pinceis, coas mans, con rodetes...

Incidimos mais sobre a forma circular. Fixemos xogos de selección da forma redonda entre outras figuras distintas, pintamos redondos no aire, no encerado, colorearemos formas redondas. Manipulamos diferentes xoguetes con formas redondeadas, observándoos atentamente.

Xogamos cos aros, repasando coa man o trazo por dentro e por fóra camiñamos xirando sobre el.

Cada neno cun pano na man realiza movementos amplos con todo o brazo, ao ritmo da música, coma se debuxasen no aire trazos curvos.

Coloreamos en papel de embalar con pinceis grosos, realizando trazos circulares.

Xogamos a realizar xestos coa cara: sorprendidos, enfadados, tristes, contentos...

Xogamos con pelotas observando os seus movementos cando as tiramos, facémolas botar...

Falamos da importancia de coidar, compartir e recoller os xoguetes. Felicitamos a cada neno/nena cando colaboren nas tarefas de recollida e cando acepten a deixarlle o seu xoguete a outro compañeiro/compañeira.

Iniciámonos no coñecemento e exploración co propio corpo dos conceptos "dentro-fora". . Aproveitamos as sesións de psicomotricidade para xogar no patio a colocarnos dentro ou fóra de caixas, da casiña, do tomate, da clase. .Tamén xogamos cos coches, construcións... a

poñelos dentro ou fora das caixas segundo lle digamos.

Observamos e comentamos as características do inverno: fai frío, chove...temos que abrigarnos...Con que?

Iniciámonos no hábito de poñer soíños os mandilóns. Séntense maiores cando ven que conseguen poñer eles sós o mandilón, incluso se axudan entre eles cando ven que a un compañeiro lle costa moito traballo.

Tíñamos programada a experiencia de xogar a facer “**Rosquillas**”, pero non nos foi posible realizala debido a que se nos foron “colando” outras actividades e non atinábamos co día para que na cociña se puideran cociñar .

Celebramos o **DÍA DA PAZ**. Aproveitaremos para inculcarlles a importancia que ten o feito de ser bos, de non morder aos compañeiros, de non pegar....e o bo que é o mostrar afecto polos demais, dar bicos e apertas, compartir os xoguetes, saber pedir perdón... Realizamos unha manualidade conxunta entre toda a escola para expoñer na porta da escola. Cada neno fixo as ás da súa **POMBA DA PAZ**. Os nenos pintaron con rotuladores un folio e despois mollaron o papel cunha pedra de xeo, o que motivou que as cores difuminanse. As profes, fixemos os corpos das pombas en cartolinas brancas e despois pregamos o folio pintado polos nenos como si fora un abanico e colocamos ás pombas como si foxen as ás.

Celebraremos os **ANIVERSARIOS** dos nenos e nenas que cumpran cada día.

Coidaremos o noso horto, saíndo de cando en vez a regalo e a ver como van medrando as nosas flores.

Realizamos os **DISFRACES** de entroido para cada neno e nena. O tema que este ano se traballou na escola foron AS FLORES. Cada clase irá representando a un tipo de flor diferente. Así a clase A foi de Rosa, B foi de Margaridas e C de Papoulas.

As bases das flores foron uns “delantais” de fieltro verde nos que pegamos os pétalos de cada flor pintadas polos nenos con pinturas de dedos. En función da flor, nas margaridas pegaron boliñas amarelas no centro da flor e na parte traseira estamparon flores brancas nas que pegaron boliñas amarelas no centro. Nas papoulas pegaron anacos de lá negra no centro da flor e colorearon unha vovoreta que ía pegada na flor.

O xoves 20, estreamos todos os disfraces de flores e saímos ao patio grande para xuntarnos co resto dos nenos e nenas da escola que tamén estaban disfrazados de flores. Marchamos para casa co noso disfraz posto..

Durante a semana do 17 ao 21 de febreiro , os nenos e as profes seguimos os mandatos do MECO.

O LUNS empezaremos
e algo vermello traeremos

O MARTES seguiremos
e con coloretos pintados viremos

O MÉRCORES, a metade.
A nosa cara de pencas imos encher

O XOVES, sen dubidar
o noso distraiz imos levaremos

O VENRES irá chegando
e seremos indios con plumas asomando.

Celebraremos a **FESTA DO ENTROIDO** (21 de febreiro), na que participarán as familias dos nenos e nenas e todo o persoal da escola. Nesta festa, as profes levamos o noso disfraz de flor igualiño que o dos nenos. Asistiron moitísimas familias disfrazadas e como fixo unha tarde moi boa de sol, a primeira parte do festival pasámola no patio exterior. Merendamos produtos típicos de entroido aportados polas familias (filloas, orellas...patatas fritas, gusanitos, bocadillos...) e pasámolo moi ben charlando coas familias e xogando cos cativos.

Probamos produtos típicos do entroido: filloas, orellas...

Contamos contos na clase e dialogaremos sobre os mesmos, os seus personaxes, como se chaman, que lles pasou...

Participaremos no **TALLER DE EDUCACIÓN EMOCIONAL ASISTIDO CON ANIMAIS (CLASE A)**. Neste taller participou a totalidade da clase. Como son os nenos máis pequeniños de 2 a 3, notouse moito nesta actividade posto que había cousas nos xogos que realizaban que non entendían.

Traballaremos as **EMOCIÓN**s a través dos contos “O MONSTRO DAS CORES” e “O MONSTRO DAS CORES VAI AO COLE”(na clase A). Colorearon os debuxos grande do monstro da rabia, da alegría, da tristeza... que despois lle servían para identificar as emocións ...

MARZO

Asemblea: saúde a Coco, ollamos o tempo que fai cada día e falamos das actividades que imos facer cada día ao longo da mañá.

Celebramos **A QUINCENA DA MÚSICA** o longo dos primeiros quince días do mes de marzo. Escoitamos diferentes audicións musicais, incidindo cada semana nun estilo diferente: galega, clásica, rock e pop... Invitamos ás nosas familias a vir á escola e deleitarnos cunha peza musical tocando algún instrumento, bailando.... Participaron catro familias en total, e casi todas tocando música galega.

Da clase A viñeron os pais de Amelia que tocaron gaita e pandeireta, de B a tía de Julen que veu acompañada polo seu grupo “Cantamadeira” e tocaron pezas tradicionais galegas e tamén cancións infantís. Os instrumentos que traían eran gaita, pandeireta, bombo, acordeón e cunchas. E da clase C viñeron os pais de Xiana Varela que tocaron gaita e pandeireta e o pai de Lucas Tames que tocou o piano e foi o único que tocou música pop e algunha infantil. Todos, nenos, pais e profes disfrutamos enormemente destas visitas musicais tan especiais. Moitísimas grazas aos familiares por participar.

Exploramos diferentes instrumentos musicais e intentamos discriminar o son dalgún deles: tambor, xilófono, trompeta, pandeireta, maracas...

Desplazámonos polo espazo con diferentes ritmos musicais.

O 13 DE MARZO SUSPENDEUSE TODO TIPO DE ACTIVIDADE EDUCATIVA PRESENCIAL DEBIDO Á ALERTA SANITARIA PROVOCADA POLO COVID-19. DEBIDO A ESO, TODAS AS ACTIVIDADES QUE ESTABAN PROGRAMADAS PARA A SEGUNDA QUINCENA DE MARZO E PARA O TERCEIRO TRIMESTRE NON SE PUIDERON LEVAR A CABO.

CONFINAMENTO

Despois dun mes no que non sabíamos cando poderíamos recuperar a nosa actividade normal de ensinanza, decidimos comezar a realizar vídeo educativos para os nosos nenos e nenas. Tamén lles enviamos enlaces con ideas de actividades e manualidades para que as realizaran na casa os nenos coa súa familia..

OS VÍDEOS ENVIADOS FORON OS SEGUINTE:

- Comezamos a mediados de Abril a enviar vídeos e recursos pola TOKAPP.
- Na semana do 13 ao 17 de abril enviamos enlaces nos que lles dábamos ideas ás familias para realizar actividades cos nenos nas súas casas. Os enlaces son os seguintes:
 - <https://pin.it/6zlvzke> como facer unha bolboreta con cartolina e rulo de papel hixiénico
 - <https://pin.it/5JmJczf> como facer vermes de papel que facemos mover soprando

cunha palliña.

- <https://pin.it/KUK318o> vídeo dun xogo para traballar o equilibrio, o esquema corporal...
- <https://it./3o189QT> ideas para decorar cantos rodados .
- <https://it./5lvrlxh> ideas para facer cadros de flores para as fiestras con fundas de plástico transparente.
- <https://it./6qvy8tC> prismáticos con rulos de papel hixiénico.
- Na semana do 20 ao 24 de abril enviamos os seguintes enlaces:
 - You tube.com Coreokids- El baile del cuerpo-Diverplay
 - posturas de ioga para nenos.
 - <https://youtu.be/mVR73KODnWE> Canción Chimpún.
 - You tube. Taxi Roberto Burela “Elmer” conto en galego.
 - Cuento “El monstruo de los colores. Aprende las emociones”. You tube peque juguetes y sorpresas. También el enlace de pdf por si lo querían descargar gratis.
- O primeiro vídeo que lles enviamos foi un VÍDEO DE SAÚDOS E ÁNIMO no que as educadoras e mestra xunto ao persoal de servizos xerais e á directora da escola falabámoslles aos nenos e as súas familias dándolles ánimos e mostrándolles cómo os botábamnos de menos. 20 de abril
- Para celebrar o Día do libro, enviamos o vídeo da narración do Conto de Carapuchiña Vermella interpretada por Rosa Rial.23 abril.
- Vídeo do conto “Amelia quere un can” interpretado por Susana Seoane.24 de abril
- Vídeo Saúdos de Nicoleta e Mulan (Bocalán). 27 abril.
- Vídeo Receita de Tortitas, feito por Sofía Campos. 28 abril.
- Vídeo do conto “Cuidado con el lobo”, interpretado por Sandra Santiso. 29 abril
- Vídeo canción “A galiña branca”, cantada por Lucía Regueiro. 30 abril.
- Vídeo cancións do tempo, interpretadas por Rosa Rial. 4 de maio.
- Vídeo consellos de “Cómo sacar o cueiro”, feito por Susana Seoane. 5 maio
- Vídeo canción do “Indio”, interpretada por Sandra Santiso. 6 maio.
- Vídeo conto “Corre, corre cabaciña”, feito por Lucía Regueiro. 7 maio.
- Vídeo Receitas “Caracolas sen gluten”, realizado por Sofía Campos. 8 maio.
- Vídeo canción “El caballito trotón”, feito por todas as educadoras e mestra de 2 a 3. 11 maio
- Vídeo Xogando con Nicoleta e Mulán (Bocalán). 12 maio.
- Vídeo canción de “Coco”, interpretada por Carmela Outeiro. 13 maio.
- Vídeo da Familia. Todo o persoal da escola. 15 maio.
- Vídeo conto “Garavanciño”, interpretado por Alba Freiría. 18 maio
- Vídeo “Xogo dos animais”, feito por Susana Seoane. 20 maio.
- Vídeo canción de “Benvida”, interpretada por Carmela Outeiro. 22 maio
- Vídeo conto “O lobo feroz está enfermo”, interpretado por Rosa Rial. 25 maio
- Vídeo Cancións das partes da cara, interpretadas por Alba Freiría. 27 maio
- Vídeo Receita “Cookies ao microondas”, feito por Sueli del Rocío Dios. 29 maio.
- Vídeo Xogo “Buscando a Simón”, feito por Rosa Rial. 1 xuño.
- Vídeo Conto “Cambiamos de roupa”, feito por Susana Seoane 3 xuño
- Vídeo Conto “Atrapamos al monstruo”, interpretado por Carmela Outeiro. 8 xuño.
- Vídeo Conto “De quién es este orinal?, contado por Carmela Outeiro. 10 xuño.
- Vídeo Receita “Xeados de froitas”, feita por Sofía Campos. 12 xuño.
- Vídeo “Xogo das cores”, feito por Alba Freiría. 15 xuño.
- Vídeo Canción “O paiaso Plim plim” interpretada por Lucía Regueiro, 17 xuño

O FESTIVAL DE FIN DE CURSO estaba previsto realizalo o venres 19 de xuño, pero debido á situación que estamos vivindo, soamente podemos aproveitar esa data para despedirnos formalmente das familias e dos pequenos. A nosa despedida non podía ser doutra forma, por un lado moi entrañable e emotiva coa realización do vídeo montaxe das fotos dos nenos, e moi alegre co Baile das educadoras, mestra e directora. Ambos vídeos e o de despedida das Psx, foron enviados o día 19 de xuño.

- Vídeo de Despedida do Pesoal de Servizos Xerais. 19 xuño
- Vídeo Fin de Curso 2020. Composición de fotos de todos os nenos e nenas de 2 a 3, sacadas ao longo do curso ata o comezo do confinamento. 19 de xuño
- Vídeo Baile de Despedida das profes de 2a3 con Emilia. Bailamos a canción “Estamos de festa” de Uxía Lambona e a banda molona. 19 de xuño.

Os días 22 e 23 de xuño, as familias dos nenos pasaron pola escola a recoller as pertenzas dos seus nenos. Entre cueiros, toalliñas, vasos de cepillar os dentes, mochilas...estaban os traballiños do segundo trimestre e as láminas do Libro das Cores, que como estaba sen rematar, foron encuadradas cos traballiños. Tamén levaron o **DIPLOMA** que lle teríamos que dar no Festival, e unha carta de despedida de todas as educadoras e mestra de 2 a 3.

A TODOS OS NÓS NENOS E NENAS DE 2 A 3 DESEXÁMOSLLES TODA A SORTE DO MUNDO NA NOVA ANDAINA QUE VAN COMEZAR EN SETEMBRO NO COLE DE MAIORES. SABEN QUE NA ESCOLA “O BOSQUE” SEMPRE OS RECIBIREMOS COS BRAZOS ABERTOS...FÁLTANOS UNHA APERTA DE DESPEDIDA...

CONCLUSIÓN

Unha vez rematado o curso debemos botar a vista atrás e reflexionar sobre o desenrolo de todas e cada unha das actividades, ver si conseguimos os obxectivos que nos habíamos proposto e decidir si debemos facer modificacións para cursos seguintes.

Este ano soamente puidemos realizar unha excursión, a da clase de 2-3 B ao CENTRO DE DÍA MÁIS VIVIR, en Bertamiráns. Tíñamos organizada unha clase por trimestre na seguinte orde: B,C, A. As educadoras da clase C xa tiñan a manualidade feita para levarlles como agasallo, pero a suspensión das clases impediu que puideran ir.

A Excursión ao Pazo da Peregrina para recoller follas secas, non a puidemos facer porque fixo moi mal tempo e chovía case todos os días. Para ir a recoller follas ten que estar o campo moi seco, senon os cativos mollarían todos os pes.

Tíñamos unha excursión a unha granxa a finais do segundo trimestre, e no terceiro íamos ir a un parque de bertamirans....pero non foi posible, o COVID-19 trastocou todos os nosos plans.

O Taller de Educación Emocional asistido con animais levado a cabo por BOCALAN GALICIA resultou moi novidoso pola presenza dos cans na escola. Os nenos e nenas que poideron participar quedaron moi contentos , a única clase que non o puído realizar foi 2-3 B, posto que lles correspondería no terceiro trimestre.

Os nenos e nenas novos adaptáronse sen problemas ao ritmo da escola, e o desenrolo dos dous primeiros trimestres do curso foi un éxito. Temos que aceptar que sempre tendemos a cargar a programación de actividades e hai veces que o tempo non nos chega para todo o nos gustaría facer. Pero tamén podemos dicir con orgullo, que como nos quedou a pena de non poder ir de excursión a recoller follas de outono, pois organizamos A FESTA DE OUTONO, que non estaba na programación. Os cativos eran todos moi participativos e disfrutaron moito de todas e cada unha das actividades que levamos a cabo.

Rematando o segundo trimestre aínda tíñamos bastantes nenos e nenas con cueiro. Xa estábamos falando do tema coas familias e na clase contábamos contos relativos ao control de esfínteres para ilos animando a dar o paso.

Eran todos moi autónomos á hora de comer sós, lavar e secar as mans, cepillar os dentes ...e os que xa non usaban cueiro sabían subir e baixar a roupa eles sós.

O noso horto este curso redúxose ás macetas feitas con botellas de plástico coas que decoramos a verxa do patio exterior. Naceron bastantes flores, pero non o puidemos disfrutar moito, posto que na primavera estabamos todos confinados nas nosas casas.

Unha das actividades que máis lle gustaban aos nenos e nenas eran os contos. Centraban todos a atención durante moito tempo, salvo algunhas excepcións. Incluso pedían os contos de dous en dous!!

Respecto a linguaxe había diferencias notables entre uns e outros pero todos estaban evolucionando moi ben, aprendendo cada vez máis vocabulario e sendo capaces de construír frases cada vez máis longas e ben organizadas.

Todos, eran moi sociables. Había nenos e nenas que tiñan entre eles un vínculo especial, viñan xuntos desde bebés e entre eles existía unha relación de amizade moi bonita. Eran bos compañeiros de xogos, e botábanse de menos cando algún non podía vir á escola. Ao mesmo tempo, os nenos que se incorporaron o curso pasado, ou os que soamente asistiron estes casi 7 meses de curso tamén disfrutaban xogando, cantando e compartindo experiencias con todos os compañeiros.

Non podemos rematar sen dar as grazas ás familias pola súa dispoñibilidade e participación en todas as actividades nas que lles pedíamos colaboración. E por suposto, agradecemos enormemente a confianza depositada en nós deixándonos aos seus pequechos tantas horas cada día. Para todas nós é un orgullo poder traballar nesta escola, contando con pais e nais como os que tivemos este curso.